



POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL

A pobreza e a súa medición:
renda, prezos e desigualdade

Angela Troitiño Cobas

Desafíos e respostas en materia
de inclusión social en Galicia

Amparo González Méndez

Compromiso, coordinación e
causas na loita contra a pobreza
e a exclusión social

Xosé Cuns Traba

A situación actual
da desigualdade, a pobreza
e a exclusión social en Galicia

Carlos Gradín

A opinión dos axentes sociais

CC OO, CIG, UGT, CEG e Consumidores

•c•a•d•e•r•n•o•s•

é unha publicación do Consello Económico e Social de Galicia

A responsabilidade das opinións expresadas nesta publicación corresponde exclusivamente a os seus autores e en caso ningún supoñen que o Consello Económico e Social de Galicia se identifique coas mesmas.



Algalia de abaixo, nº 24
15704 - Santiago de Compostela
981 54 16 50
e-mail: cadernos@ces-galicia.org

Todos os traballos do CES-Galicia poden atoparse en

www.ces-galicia.org

• c • a • d • e • r • n • o • s •

Nº 4 • ANO 2015

4 Limiar

5 A pobreza e a súa medición: renda, prezos e desigualdade

Angela Troitiño Cobas

11 A situación actual da desigualdade, a pobreza e a exclusión social en Galicia

Carlos Gradín

28 Compromiso, coordinación e causas na loita contra a pobreza e a exclusión social

Xosé Cuns Traba

33 Desafíos e respostas en materia de inclusión social en Galicia

Amparo González Méndez

36 A opinión dos axentes sociais

CC OO, CIG, UGT, CEG e Consumidores

Limiar

A profunda crise económica que pasamos fixo aumentar a pobreza e foi especialmente dura para os máis desfavorecidos. A poboación máis pobre é a máis afectada e, como consecuencia, aumentan as desigualdades sociais. Esta realidade e as formas de abordala son o tema elixido para recuperar a colección *• c • a • d • e • r • n • o • s •* do Consello Económico e Social de Galicia, unha iniciativa que nesta nova etapa arrinca cun novo plantexamento: mantendo o carácter de monográfico sobre algún tema de especial relevancia económica ou social, vira desde a mera aportación de información cara á opinión e aposta por aportar elementos de reflexión para o diálogo. Cada número pretende amosar do xeito máis plural as diferentes visións dos expertos e os actores socioeconómicos sobre o tema elixido.

Se todos os temas sociais son importantes para o Consello, a pobreza e o risco de exclusión que vive unha parte da nosa sociedade o é particularmente. Ese interese materializouse na celebración, a mediados de 2015, dunha xornada sobre a pobreza e a exclusión social, que reuniu na sede do CES a distintos expertos na materia, tanto do eido académico como do activismo social e das organizacións do Consello. Neste número de *• c • a • d • e • r • n • o • s •* achegámonos a esta realidade, tentando coñecer en profundidade os distintos aspectos que a compoñen, desde diferentes puntos de vista.

Desde o espazo académico, recollemos as formas en que medimos a pobreza, os distintos indicadores e taxas comparativas, os limiares máis utilizados para describir as situacións de risco de exclusión. Incluímos tamén as visións das organizacións que, desde a sociedade civil, traballan diariamente para paliar as consecuencias desa situación e que falan de compromiso e coordinación. Non esquecemos o punto de vista da Administración, que tenta dar resposta aos desafíos que supón a inclusión dos desfavorecidos. Por último, non podían faltar as opinións das organizacións representadas no Consello.

Entendo que, en conxunto, ofrecemos unha visión global dunha problemática que está moi presente no traballo do CES. Porque, para nós, cómpre sempre facer un esforzo por acadar máis cohesión, unha sociedade máis incluínte, participativa, na que ninguén quede fóra.

Corina Porro Martínez

PRESIDENTA

A pobreza e a súa medición: renda, prezos e desigualdade

Angela Troitiño Cobas

Nun contexto de crise como o que estamos a vivir coa renda dos fogares á baixa e os prezos á alza, a desigualdade e a pobreza están a aumentar. Os datos oficiais así nolo confirman, mais a subida da pobreza que estes achegan semella ser menor á que poderíamos esperar ante a caída de poder adquisitivo dos fogares e a maior desigualdade na distribución do ingreso. Neste traballo reflexiónase sobre o método habitual de cálculo dos indicadores de pobreza, propondo a súa obtención a partir do ingreso dispoñible dos fogares en termos reais (que é o que mellor indica a súa capacidade de compra real) así como a utilización dunha liña de pobreza constante ó longo do período analizado. Os resultados conclúen incrementos da pobreza moi superiores ós achegados polas cifras oficiais.

**Angela Troitiño
Cobas**

Profesora Titular
da USC.

Doutora en Economía pola USC, Premio Extraordinario de Doutoramento, 2000.

Liñas de

investigación:

Desigualdade e
pobreza: análise
cuantitativa con
microdatos.

Desenvolvemento,
crecemento económico,
desigualdade e pobreza:
relacións.

O desenvolvemento económico e social dos países e das rexións require dun axeitado reparto da produción. Mercado e goberno constitúen actores básicos, pois son quen establecen as normas e actuacións para o crecemento e a súa distribución. Mais ¿están a facelo de forma que favoreza ó total da poboación? Como apunta Stiglitz (2012)¹ ollando a realidade social, económica e política actual semella que nen os mercados nen os gobernos están actuando como deberían. Suponse que os mercados son estables e eficientes, mais a crise demostrou o

contrario. Temos un mundo no que conviven grandes necesidades non satisfeitas –moita poboación está a morrer de fame ou vivindo moi por debaixo das súas necesidades– ó mesmo tempo ca recursos infrautilizados –empresas que pechan, traballadores sen traballo,...—. Segundo a teoría económica, as retribucións dos factores produtivos xustifícanse polas súas produtividades, mais ¿como xustificar as millonarias retribucións e indemnizacións embolsadas por altos cargos do sector financeiro, eléctrico...? Estamos ante un sistema económico non só ineficiente e inestable, senón tamén tremendamente inxusto. Inxustiza que os gober-

¹ Stiglitz, J.E. (2012): *El precio de la desigualdad*. 2ª Ed. Madrid: Taurus.

nos non saben ou non queren corrixir, deixando de lado as súas obrigas regulamentarias e redistributivas, evidenciando que os fallos da política e da economía están relacionados e potenciaanse mutuamente.

Neste contexto, moitos autores de prestixio internacional chaman a atención sobre o incremento da desigualdade na distribución do ingreso que se vén producindo nas últimas décadas, facendo que os ricos/pobres sexan cada vez máis ricos/pobres e a clase media estea desaparecendo ou empeorando, aumento que se fai máis patente en tempos de crise (decrecemento económico, desemprego, recortes en sanidade, educación, dependencia...).

Desafortunadamente, ó contrario do que pasou coa depresión dos anos 30 que serviu para decatarse da necesidade de regulamentar o mercado e desenvolver servizos públicos e de protección social dando lugar ó desenvolvemento do Estado do Benestar, a crise actual semella que se estea aproveitando para o contrario, aplicando políticas de axuste que van no camiño de desandar o avanzado en dereitos económicos e sociais, con graves consecuencias no presente e cara o futuro. Nos anos que levamos de crise os efectos sobre o nivel de vida, a desigualdade e a pobreza están amosándose realmente graves. Evidénciase día a día na rúa, mais ¿que din os datos oficiais?

Galicia no contexto español

• Renda e prezos

Segundo datos da Enquisa de Condicións de Vida do INE, a renda dispoñible equivalente dos fogares galegos en unidades monetarias correntes non experimentou a forte caída que sufriu a española (**gráfico 1**). Unha explicación factible deste mellor resultado semella estar máis en débeda coa estrutura demográfica da poboación galega que coa fortaleza da economía real ante a crise. O maior avellentamento da poboación




Gráfico 1.- Renda equivalente dispoñible en u.m. correntes e ctes 2008. Galicia e España.
Fonte: datos ECV base 2013; IPC - INE

Os fallos da política e da economía están relacionados e potenciaanse mutuamente.

ción fai que os ingresos procedentes de pensións por xubilación e supervivencia teñan unha maior participación na renda dos fogares galegos (18,1% en 2008 e 22,9% en 2013) do que para o conxunto de España (12,1% e 16,5%, respectivamente), ingresos que se viron menos afectados pola crise có resto da renda dos fogares. Deste xeito, ter unha poboación moi avellentada –grave problema dende case calquera perspectiva de análise económica e social– semella ter actuado como un eficaz freo na caída da renda dos fogares en Galicia así como un importante escudo protector contra a pobreza.

As cifras correntes, non obstante, non amosan a verdadeira caída do poder adquisitivo dos fogares. Ollando a evolución da renda real en unidades monetarias constantes, a capacidade de compra dos galegos sofre unha importante diminución, especialmente dende o ano 2009, máis polo incremento do IPC que pola caída da renda dos fogares.

Como podemos ver no **gráfico 2**, a subida xeral dos prezos de 2008 a 2013 foi dun 9%, mais esta non foi homoxénea para todos os grupos e pro-




Gráfico 2.- Variación relativa do IPC xeral e por grupos. Galicia.

Fonte: datos ECV base 2013; IPC - INE

ductos. Deixando a un lado o grupo *bebidas alcohólicas e tabaco* (Δ 45%), co *tabaco* como principal causante (Δ 69%), o grupo máis afectado polo incremento dos prezos no período que estamos a analizar foi o da *vivenda* (Δ 22%) e, dentro deste, a *electricidade, gas e outros combustibles* (Δ 31%) así como *outros servizos relacionados coa vivenda* –auga, lixo, sumidoiros e gastos da comunidade– (Δ 21%) foron os subgrupos que máis contribuíron. A subida de prezos do grupo *ensinanza* (Δ 16%) ten a súa orixe fundamentalmente na *educación universitaria* (Δ 26%) aínda que tamén a *educación infantil e primaria* (Δ 14%) e a *secundaria* (Δ 13%) contribuíron. No grupo *transporte* (Δ 13%) destacan o subgrupo *servizos de transporte* (Δ 17%) así como *bens e servizos relativos ós vehículos* –repastos e accesorios, carburantes e lubricantes, servizos de mantemento e reparacións– (Δ 20%). Cómpre destacar tamén no grupo *medicina* o incremento do subgrupo *medicamentos, outros produtos farmacéuticos e material terapéutico* (Δ 11%), e no grupo *outros bens e servizos* o subgrupo *servizos sociais* –residencias de anciáns, axuda a domicilio para

As fortes subidas de prezos de bens e servizos de primeira necesidade perxudican especialmente aos fogares con baixos recursos

maiores, garderías, etc– (Δ 17%). Dicar tamén que, se ben a subida do grupo *alimentación* (Δ 6%) foi inferior á do índice xeral, produtos como *ovos* (Δ 33%), *froitas frescas* (Δ 21%) ou *patacas e os seus preparados* (Δ 20%) amosaron grandes incrementos. Deste xeito, as fortes subidas de prezo experimentadas por bens e servizos de primeira necesidade como a electricidade, gas, carburantes, educación, medicinas, transportes, servizos sociais, etc, se ben afectan a toda a poboación, son especialmente prexudiciais para os fogares de baixos recursos pola redución de poder de compra que supoñen.

• Pobreza e desigualdade

A caída da renda dispoñible e o incremento dos prezos son elementos que nos permiten pensar que a poboación está a sufrir maior pobreza. Mais, a cuantificación da mesma dependerá do concepto e das medidas que se estean a empregar. Un dos cinco obxectivos da estratexia Europa 2020 é o de reducir en 20 millóns (dos cales 1,5 millóns lle corresponden a España) o número de persoas *en risco de pobreza ou exclusión social*, propoñendo para o seu seguimento a chamada taxa AROPE (*at Risk of Poverty or Social Exclusion*). Este indicador, que capta a multidimensionalidade da pobreza a través de tres compoñentes, considera pobres a todas as persoas que viven en fogares *en risco de pobreza* (medida a través da *taxa de risco de pobreza*, TRP) ou cunha *baixa intensidade de emprego* (BIE) ou con *carencia material severa* (CMS). No **gráfico 3** represéntanse os valores desta taxa e das súas compoñentes para os anos

Os efectos da crise sobre o nivel de vida, a desigualdade e a pobreza están amosándose realmente graves.




Gráfico 3.- Taxa AROPE e compoñentes (niveis en 2008 e 2013).

Fonte: elaboración propia a partir da ECV2009 e ECV 2014 base 2013 - INE.




Gráfico 2.- Taxa AROPE e compoñentes (% variación de 2008 a 2013).

Fonte: elaboración propia a partir da ECV2009 e ECV 2014 base 2013 - INE.

2008 (ECV2009) e 2013 (ECV2014), e no gráfico 4 a variación relativa das mesmas entre ambas datas. En xeral pódese concluír que os niveis de pobreza son inferiores en Galicia ca en España, incrementándose en ambos casos de 2008 a 2013.

Por compoñentes, é a taxa de risco de pobreza (TRP) a que máis pobres achega á taxa AROPE, polo que ter baixos ingresos constitúe o principal factor de pobreza. Pola contra, son os fogares con baixa intensidade de emprego (BIE)

e/ou con carencia material severa (CMS) os que experimentan os maiores incrementos no período analizado, subidas que se poden xustificar facilmente visto o brutal incremento do desemprego así como a diminución da renda dispoñible dos fogares agravada polo incremento dos prezos. Neste contexto, pode chamar a atención o moderado incremento que experimenta a pobreza de ingresos (TRP) en España e, aínda máis, a leve diminución en Galicia, feito que nos leva a reflexionar sobre a definición deste indicador.

A liña de pobreza

A taxa de risco de pobreza no ano t para a sociedade S dános a proporción de persoas con ingreso inferior á liña de pobreza, definida esta como ó 60% da mediana do ingreso dispoñible equivalente no ano t da sociedade S de referencia, $L_{Pt}(S) = 60\% \text{ Met}(S)$. Deste xeito, a liña de pobreza (L_{Pt}) varía de ano a ano directamente coa mediana (Met), de xeito que en períodos de crise como o actual, a caída do ingreso dispoñible dos fogares arrastra á baixa a Me e a L_p , provocando que persoas que ó inicio da crise eran clasificadas como pobres por ter ingresos inferiores á L_p , actualmente cun nivel de ingresos correntes igual ou inferior e cunha significativa diminución da súa capacidade de compra, poderían non ser clasificadas como tal simplemente porque a L_p diminuíu. Por exemplo (táboa 1), un fogar unipersoal español cuns ingresos de 8.800€ en 2008 sería considerado en risco de pobreza ($L_{p2008} = 8.877\text{€}$) mentres que en 2013 cuns ingresos de 8.000€ ($L_{p2013} = 7.961\text{€}$) non o sería a pesar de que a súa renda diminuíu e a cesta da compra é un 9% máis cara. Mais, resulta evidente que o dito fogar non deixa de ser clasificado como pobre porque a súa situación económica mellorase, senón porque o seu empeoramento foi menos forte có sufrido polo individuo mediano da sociedade S de referencia, sendo esta outro con-

	IDE (u.m. correntes); Lp _t		IDE (u.m.ctes de 2008); Lp ₂₀₀₈		IDE con AI (u.m.correntes); Lp _t		IDE con AI (u.m.ctes de 2008); Lp ₂₀₀₈	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Me 2008	14.795	13.607	14.795	13.607	16.849	15.599	16.849	15.599
Me 2013	13.269	13.330	12.211	12.252	15.486	15.312	14.235	14.073
Lp 2008	8.877	8.164	8.877	8.164	10.109	9.359	10.109	9.359
Lp 2013	7.961	7.998			9.291	9.187		
AROPE 2008	24,7%	20,4%	24,7%	20,4%	22,0%	17,5%	22,0%	17,5%
AROPE 2013	29,2%	23,9%	36,4%	27,8%	27,4%	22,5%	33,2%	25,0%
TRP 2008	20,4%	16,0%	20,4%	16,0%	17,3%	12,5%	17,3%	12,5%
TRP 2013	22,2%	15,5%	31,4%	21,1%	19,9%	13,4%	27,3%	16,7%
FGT ₁ 2008	0,070	0,051	0,070	0,051	0,057	0,034	0,057	0,034
FGT ₁ 2013	0,085	0,054	0,117	0,067	0,068	0,037	0,094	0,048
FGT ₂ 2008	0,050	0,028	0,050	0,028	0,038	0,017	0,038	0,017
FGT ₂ 2013	0,054	0,036	0,069	0,040	0,037	0,020	0,050	0,024
Gini 2008	32,9%	28,7%	32,9%	28,7%	30,5%	25,7%	30,5%	25,7%
Gini 2013	34,7%	30,7%	34,7%	30,7%	31,7%	27,5%	31,7%	27,5%
S80/S20 2008	5,9	4,5	5,9	4,5	5	3,7	5	3,7
S80/S20 2013	6,8	5	6,8	5	5,6	4,1	5,6	4,1

Táboa 1.- Pobreza e desigualdade a través da renda dispoñible dos fogares en unidades monetarias correntes e constantes de 2008. Galicia e España. 2013 vs. 2008
Fonte: elaboración propia a partir da ECV2009 e ECV 2014 base 2013 - INE.

cepto que é preciso delimitar. Que entendemos por sociedade de referencia? Que sociedade deberíamos tomar como referencia para o estudo da pobreza en Galicia? A galega, a española, a europea ou a mundial? O INE e o EUROSTAT toman o conxunto da sociedade española como referencia nos estudos de pobreza tanto de ámbito estatal como para as CCAA. En Galicia, o IGE toma como referencia a sociedade galega. No noso caso, tomamos a española para calcular a pobreza en España, e asumimos a galega para o equivalente en Galicia. Evidentemente os resultados varían en función da elección feita. Na **táboa 1** podemos ver que en 2008 a Lp española é bastante superior á galega, polo que a pobreza en Galicia sería maior se utilizásenos a Lp española do que resulta ser utilizando a galega. En 2013 as dúas liñas son similares polo que os resultados de pobreza tamén o serían. As análises de pobreza dos organismos oficiais

toman como variable clave o **ingreso dispoñible equivalente** (IDE) dos fogares en unidades monetarias correntes, sen ou con aluguer imputado (AI). Tendo en conta que a renda en termos correntes non expresa a capacidade de compra dos fogares, nesta análise ampliamos o estudo ós ingresos dispoñibles equivalentes dos fogares en termos reais, expresados en unidades monetarias constantes de 2008, empregando como deflactores os IPC_{08}^{13} das CCAA. Co obxecto de contabilizar o cambio real da pobreza en 2013 respecto a 2008, utilizamos o mesmo limiar de pobreza en ambos anos (Lp₂₀₀₈), considerando así unha liña que ten a mesma capacidade de compra en 2013 ca en 2008. Deste xeito, calquera individuo que teña un ingreso dispoñible en termos reais inferior ó dito limiar será considerado en risco de pobreza, independentemente que a observación se refira a 2008 ou a 2013.

Os índices calculados permítenos concluír que a pobreza medida a través do indicador AROPE aumentou en Galicia un 17% (18% en España) en termos correntes, mais a subida acada o 36% (47% en España) empregando os ingresos en termos reais e a liña de pobreza ancorada no ano 2008. Incluíndo o aluguer imputado os incrementos aínda son maiores. Considerando exclusivamente a pobreza en termos de ingresos, a taxa de risco de pobreza, que en Galicia cae un 3% empregando o ingreso corrente, a través do ingreso en termos reais increméntase un 32%, subida que a pesar de ser moi alta é inferior ó 54% que experimenta o conxunto español. Asemade, os índices de Foster, Greer e Thorbecke, con aversión á pobreza $\alpha=1$ e $\alpha=2$, sinalan que non só a proporción de pobres aumentou senón que tamén o fixo a intensidade da pobreza (o ingreso dos pobres está máis lonxe do limiar de pobreza) e a desigualdade entre a poboación pobre.

A taxa de risco de pobreza así como os índices FGT1 e FGT2 constitúen medidas relativas da pobreza, que cuantifican esta en función dos ingresos dos fogares. De aí que a desigualdade na distribución de ingresos vai ter moita relación cos resultados de pobreza. Empregando o índice de Gini e o coeficiente S80/S20 como medidas de desigualdade, observamos que Galicia ten unha distribución de ingresos máis igualitaria ca España. Mais a evolución nestes anos de crise non difire moito, en ambos territorios a desigualdade aumentou, sendo máis forte a subida do indicador S80/S20 (11, 1% en Galicia e 15,3% en España) cá experimentada por Gini (7,1% en Galicia e 5,5% en España). Tendo en conta, ademais, que o índice de Gini pondera máis os cambios na parte central da distribución –mide a desigualdade no conxunto da distribución prestando especial atención ó que lle ocorre á clase media– e o indicador S80/S20 achega a proporción do ingreso total que percibe o 20% máis rico respecto ó 20% máis pobre, os datos per-

**A poboación
pobre é a máis
afectada
pola crise
e a distancia
entre ricos e
pobres é cada
vez maior.**

**As medidas de
loita contra a
pobreza deben
preocuparse
tanto polo
crecemento
económico
como porque
este se dea con
equidade.**

mítenos concluír que o incremento da desigualdade tivo consecuencias sobre a clase media (máis en Galicia ca en España) se ben o seu maior impacto foi sobre a ampliación da fenda entre ricos e pobres (máis en España ca en Galicia). A un resultado similar chegaron Corbelle e Troitiño (2013)² analizando os microdatos da ECV do IGE, indicando que a poboación de menores ingresos resulta ser a que sofre as maiores perdas, ó contrario do que pasa cos decís altos que melloran o seu ingreso relativo, confirmando que é a poboación pobre a máis afectada pola crise así como que a distancia entre ricos e pobres é cada vez maior.

Empobrecemento xeralizado

Concluindo, o incremento da pobreza dende o inicio da crise en Galicia e España foi moi superior ó que nos indican as cifras oficiais, cando menos se a comparación se fai tendo en conta a capacidade de compra dos fogares. A caída dos ingresos conxuntamente co incremento dos prezos –especialmente grave por afectar a bens de primeira necesidade como a electricidade, gas, educación, medicamentos, servizos sociais, etc– levaron a un empobrecemento xeralizado que prexudicou máis ós máis febles. Desigualdade e pobreza amósanse como o anverso e reverso da mesma moeda. Os menores niveis de desigualdade en Galicia constitúen, sen dúbida, un factor explicativo dos seus menores índices de pobreza. Así mesmo, o incremento desta última é consecuencia non só da baixada das rendas e incremento do prezos senón tamén do aumento da desigualdade, indicando que as medidas de loita contra a pobreza deben preocuparse tanto polo crecemento económico como porque este se dea con equidade. ■

2 Corbelle, F. e Troitiño, A. (2013): “Desigualdade e pobreza en Galicia nos anos 2007 e 2010. Como se distribúen os efectos da crise?” *Revista Galega de Economía*, vol. 22, nº 2 (monográfico *A Economía da Desigualdade*), p. 167-199.

A situación actual da desigualdade, a pobreza e a exclusión social en Galicia

Carlos Gradín

Carlos Gradín

Universidade de
Vigo e EQUALITAS

Texto elaborado a
partir da presenta-
ción polo autor de
"A medición da po-
breza na Unión Euro-
pea: pobreza
absoluta e relativa,
indicadores multidi-
mensionais, novas
aproximacións" na
*Xornada sobre po-
breza e exclusión so-
cial* organizada polo
CES-Galicia e o
IDEGA en Santiago
de Compostela o
10 de xuño de 2015.

Asistimos a un crecente interese pola distribución da renda e as condicións de vida dos fogares no ámbito internacional. A actual crise económica colocou a España á cabeza dos países máis desiguais e con maior risco de pobreza relativa da Unión Europea (UE). Galicia, aínda compartindo moitos dos elementos que caracterizan a distribución da renda española, ten unha dinámica propia. Neste artigo, faremos unha breve revisión da situación actual de desigualdade, pobreza e exclusión social en Galicia seguindo os criterios que se empregan habitualmente na UE. Atoparemos os distintos conceptos de renda empregados nos estudos, as situacións de desigualdade, o limiar da pobreza ou o caso da pobreza multidimensional, entre outros, antes de rematar cun epígrafe que recolle algunhas reflexións finais.

Nos últimos anos vimos asistindo a un crecente interese pola distribución da renda e as condicións de vida dos fogares no ámbito internacional. Este maior interese é o resultado da constatación dunha crecente desigualdade en boa parte dos países desenvolvidos como teñen mostrado diferentes informes internacionais (ex. OCDE, 2008 e 2011; OIT, 2015). Este fenómeno de crecente desigualdade na renda vencélase habitualmente cunha maior desi-

gualdade salarial, resultado do impacto asimétrico do cambio tecnolóxico e a globalización económica sobre os salarios de traballadores cualificados e non cualificados. Pola súa banda, a dinámica das rendas de capital terían contribuído a unha maior acumulación de renda e riqueza entre os moi ricos. Tamén algúns factores institucionais xogaron un papel significativo. Entre eles, a redefinición do papel do Estado na economía como igualador das rendas xeradas

no mercado, con importantes reformas dos sistemas impositivos e de prestacións sociais, así como a transformación das relacións laborais, a gobernanza nas empresas, ou a desregulación financeira.

Dentro deste contexto de crecemento da desigualdade a longo prazo, España ten sido sinalada como unha excepción por ter amosado unha tendencia decrecente ou relativamente estable na desigualdade debido á tardía expansión do Estado de Benestar¹. Aínda así, España sempre amosou niveis de desigualdade e pobreza maiores cós dos países do noso entorno debido tanto ao máis feble efecto redistributivo dos seu sistema impositivo e de protección social, como ás coñecidas debilidades do mercado de traballo. A actual crise económica supuxo un cambio significativo e colocou a España á cabeza dos países máis desiguais e con maior risco de pobreza relativa da Unión Europea (UE). Galicia, aínda compartindo moitos dos elementos que caracterizan a distribución da renda española, ten unha dinámica propia.

No que segue, faremos unha breve revisión da situación actual de desigualdade, pobreza e exclusión social en Galicia seguindo os criterios que se empregan habitualmente na UE (a través da súa oficina de estatísticas, Eurostat). Dadas as características deste texto, limitámonos a facer una descrición en grandes liñas, tratando de ilustrar co caso galego o potencial da batería de indicadores actualmente empregados na UE. Non é o noso obxectivo facermos unha análise en profundidade, o que requiriría dun estudo máis amplo, en especial no que se refire aos elementos determinantes dos cambios nas condicións de vida dos fogares e a distribución da renda, para ter en conta as importantes transformacións producidas na economía e sociedade galegas durante os últimos anos.

A próxima sección fai un breve resumo dos antecedentes e entorno económico da distribución da renda en Galicia. A terceira sección

describe os datos e o concepto de renda empregado, mentres que a cuarta sección fai un breve repaso da situación de desigualdade na renda dispoñible. A medición da pobreza implica abordar tres grandes cuestións. Primeiro debemos fixar en que dimensión(s) a medimos. En segundo lugar, debemos identificar as persoas que son pobres, fixando o(s) limiar(es) de pobreza. En terceiro lugar, debemos calcular o nivel de pobreza dunha sociedade usando índices de pobreza. A sección quinta abordará o limiar de pobreza no caso de pobreza unidimensional (pobreza monetaria), mentres que a sección sexta discutirá a cuantificación da pobreza nese caso. A sétima sección abordará o caso da pobreza multidimensional. A sección sétima discutirá a importancia de ver a pobreza como un fenómeno dinámico. O último epígrafe recolle algunhas reflexións finais.

A distribución da renda en Galicia

Antecedentes

A situación de pobreza e a desigualdade en Galicia foi obxecto de análise especialmente dende mediados dos anos noventa cando a Xunta de Galicia publicou o seu primeiro informe (GES, 1995) que analizaba en detalle a situación de pobreza e exclusión social en aplicación da lei galega de medidas básicas para a inserción social. Seguíronlle outros informes de organismos públicos (CES, 1997; Valedor do Pobo, 1998), e un estudo da Fundación FOESSA/Caritas para Galicia no marco dun informe máis amplo para España (EDIS, 1998). Diversos ensaios tamén contribuíron ao debate nesa época (ex. González, 1999; Muñiz, 1996).

Troitiño (2000) analizou en detalle a desigualdade da renda en Galicia empregando unha ampla batería de indicadores dispoñibles e tendo en conta a situación heteroxénea en función das características dos fogares. Posteriormente, dous volumes editados pola Fundación

¹ Para unha revisión do caso español véxase Cantó, Gradín e Del Río (2000), Ayala (2014) ou Ferrer-i-Carbonell, Ramos e Oviedo (2014).

Barrié de la Maza (Gradín e del Río, 2001; Gradín, Arévalo, e Otero, 2003) analizaron en profundidade a evolución a longo prazo da distribución da renda en Galicia, así como algúns dos seus determinantes. Mostrouse que Galicia tiña uns niveis de desigualdade máis baixos cós do conxunto de España e tamén menores cá media da UE. En canto á pobreza, se ben o nivel era superior á media de España e da UE se tomabamos como referencia o limiar de pobreza español (debido ao menor nivel de renda en Galicia), a taxa de incidencia era máis baixa cá española e preto do promedio europeo cando se utilizaba un limiar de pobreza galego. Tamén foi salientado que a pobreza crecía nas áreas urbanas, mentres que viña caendo no rural, onde aínda así, era máis elevada.

Un informe de diagnóstico para a elaboración do segundo plano galego de inclusión social publicado pola Xunta de Galicia (Gradín et al., 2006) serviu para caracterizar os fogares pobres galegos (un 15% da poboación) nos comezos do século, na etapa previa á recesión que se avencinaba ². Neste contexto pre-recesión, outro estudo aportou unha aproximación á pobreza en Galicia dende a perspectiva da privación material (Sánchez, Vaamonde e García (2007). Doutra banda, un informe da Fundación Caixa Galicia (Gradín, del Río e Cantó, 2006) constataba a gran heteroxeneidade territorial da desigualdade e a pobreza en Galicia, sinalando as diferenzas entre o eixo atlántico e o resto do país. Xa no medio da actual crise económica, a Fundación FOESSA/Caritas ven de realizar un novo estudo sobre a integración social en Galicia, no marco do seu sétimo informe sobre exclusión e desenvolvemento social en España (FOESSA, 2014). ³

Especificidades galegas e entorno económico

A diferente dinámica da distribución da renda en Galicia en relación ao conxunto de España, pode estar vencellada ás diferenzas existentes

nalgúns aspectos relevantes. Galicia ten unha estrutura sectorial que difire da media española na menor dimensión do seu sector servizos e no maior peso dos sectores primario e industrial, cunha importante vocación exportadora. Tamén conta tradicionalmente Galicia cunha poboación máis envellecida, cunha moi baixa natalidade, unha maior emigración (e menor inmigración durante os anos de expansión), o que fai que unha parte significativa dos fogares galegos estean desconectados do mercado de traballo (principal fonte de desigualdade pola súa relevancia e heteroxeneidade) e dependen das prestacións sociais, especialmente as pensións de xubilación.⁴ Dado que tamén existen importantes diferenzas demográficas e económicas ao longo do territorio galego, non é sorprendente que tanto a situación inicial como o impacto da crise fora moi desigual nas diferentes áreas comarcais.

O difícil entorno económico actual no que se atopa Galicia é ben coñecido. Tras un período de doce anos de expansión económica, a situación da economía galega mudou radicalmente a partires de 2007. Produciuse unha rápida desaceleración da actividade económica que levou a unha profunda e prolongada recesión nun contexto dunha crise financeira que afectou a unha economía moi endebedada tras o estoupido da burbulla inmobiliaria. Isto traducíuse nunha caída do 7% no PIB nominal galego entre 2008 e 2014,⁵ o que tivo uns efectos devastadores no emprego: unha perda do 17% do número de ocupados entre os segundos trimestres de 2008 e 2014 que implicou unha caída de 9 puntos porcentuais na taxa de ocupación e un aumento de 16 puntos na taxa de paro (22,3% no segundo trimestre de 2014, baixando logo ata 20% no de 2015).⁶ O desemprego cebouse de maneira especial en certos colectivos, chegando a acadar o 50% entre os menores de 25 anos (sendo coñecido que isto ten efectos permanentes sobre os seus ingresos) e chegando a

2 Previamente a Xunta de Galicia tamén publicara outro informe, CSSS (2001).

3 Esta rápida revisión non pretende ser exhaustiva xa que tamén se publicaron durante este tempo algúns artigos ou documentos técnicos, ou se fixeron análises de áreas específicas, aquí omitidos por brevidade. En Gradín e del Río (2001) hai unha discusión das principais conclusións dos primeiros estudos sobre o tema.

4 Un 64% dos fogares galegos (62% da poboación) recibiu en 2013 ingresos por prestacións sociais, mentres que un 36% (26% da poboación) non tivo ingresos por traballo. Para un 46% dos fogares galegos (39% da poboación) os ingresos por prestacións sociais foron maiores cós de traballo. Estimacións a partir da *Encuesta de Condiciones de Vida das Familias* 2014 do IGE.

5 Estimación en base ás series de *Contabilidad Regional de España* do INE. A caída é do 6% de acordo cos datos do IGE.

6 Datos de emprego da *Encuesta de Población Activa* do INE.

superar o 40% entre os estranxeiros non comunitarios. Por iso non é de estrañar que se producira unha reversión dos fluxos migratorios tras unha etapa na que Galicia estaba a ser inusualmente receptora neta.

A caída na renda dispoñible por persoa, medida en termos reais ou de poder adquisitivo, foi duns 11 puntos porcentuais entre 2008 e o último dato dispoñible de 2013.⁷ Claramente a caída das rendas tería sido aínda maior de non ser polos mecanismos de mantemento de rendas (como as prestacións por desemprego ou a RISGA), e a importancia que as pensións de xubilación teñen entre moitos fogares. Entre as manifestacións máis crúas da crise, dadas as súas características, destacan os desafuzamentos: máis de mil execucións hipotecarias de vivendas de persoas físicas foron iniciadas en Galicia só en 2014.⁸ As condicións de vida da poboación agraváronse polo deterioro na provisión de servizos públicos debido aos recortes implementados polas diferentes administracións. Tamén cabe salienta o enorme esforzo despregado polas diferentes entidades que traballan no ámbito da inclusión social (como os bancos de alimentos, roupeiros, albergues, etc.) que frecuentemente se viron sobrepasadas pola forte demanda nun contexto tan difícil, véndose na obriga de suplantar as funcións que lle correspondían ao sector público. A caída do PIB (5,2%) e da ocupación (16%) foron menores no conxunto de España do que foron en Galicia, pero a caída na renda dispoñible dos fogares (15% per cápita en termos reais) foi significativamente maior.

Datos e definición de renda dispoñible

Para os resultados das seccións seguintes, empregamos diversas fontes de datos. Por unha banda a *Encuesta de Condiciones de Vida* (ECV base 2004 e base 2013) do Instituto Nacional de Estadística (INE). Realizada anualmente dende

2004, é a fonte española que integra o conxunto de microdatos harmonizados de Eurostat para todos os países da UE, *Statistics on Income and Living Conditions* (EU-SILC), aos que tamén faremos referencia. Tamén empregamos a *Enquisa de Condicións de Vida dos Fogares* (ECVF) do Instituto Galego de Estatística (IGE), que a partir de 2014 pasou a se denominar *Enquisa Estructural a Fogares* e proporciona unha información similar á da ECV do INE pero cunha mostra de maior tamaño e mellor cobertura territorial.⁹

A principal magnitude empregada para determinar o nivel de vida da poboación será a súa renda dispoñible por adulto equivalente para o ano de referencia (normalmente o ano natural anterior ao que ten lugar a entrevista).¹⁰ Neste texto, por coherencia cos datos publicados polo IGE, adoptamos o criterio de empregar o ano de referencia das rendas (e doutras características dos fogares) para os diferentes indicadores empregados (fronte a alternativa de empregar o ano no que se realizou o traballo de campo da enquisa, habitual nos datos que publican o INE e Eurostat).

A renda dispoñible por adulto equivalente defínese como a suma dos ingresos totais do fogar despois de impostos e prestacións sociais que están dispoñibles para gastar ou aforrar, dividida polo número de adultos equivalentes no fogar.¹¹ Polo tanto, os seus compoñentes principais serán os salarios, as rendas de autoemprego, as pensións de diversa índole, ou as prestacións por desemprego. Tamén incluírá rendas de capital como intereses de depósitos ou dividendos.

A renda procede de entrevistas aos fogares, agás no caso da ECV base 2013, que emprega como fonte fundamental os rexistros administrativos proporcionados por Facenda ou a Seguridade Social sobre as persoas incluídas na enquisa. É coñecido que as rendas de autoemprego, as rendas de capital, e as prestacións so-


7 Estimación de 10,6% de caída real (2,6% nominal) en base á *Encuesta de Condiciones de Vida 2009-14* (INE, base 2013) e de 11,1% (2,7% nominal) en base á *Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2009-14* do IGE (usando o índice de prezos galego de decembro de cada ano).

8 Fonte: *Estadística sobre execucións hipotecarias* do INE.

9 A ECVF no ano 2014 do IGE ten unha mostra de 23.425 persoas recollidas en 512 seccións censais, fronte a 2.191 de 132 seccións da mostra galega da ECV de 2014 do INE.

10 Os ingresos da ECVF para 2002-2006 refírense aos 12 meses anteriores á entrevista. No resto de casos, ao ano natural anterior. Outras alternativas para medir os recursos das familias que se atopan na literatura sobre desigualdade e pobreza son o consumo e a riqueza.

11 Isto permite comparar a situación de fogares de diferente tamaño e composición (e por tanto necesidades). Ten en conta que as necesidades do fogar non aumentan na mesma proporción co número de membros. O número de adultos equivalentes calcúlase como o resultado de sumar: 1 polo primeiro adulto (14 anos ou máis); 0,5 polos demais adultos; e 0,3 por cada menor de 14 anos. Por exemplo, un fogar de 2 adultos e 2 nenos terá 2,1 adultos equivalentes ($1 + 0,5 + 2 \times 0,3$). Este cómputo do número de adultos equivalente é moi habitual, xunto coa raíz cadrada do número de membros do fogar, que tamén se atopa con frecuencia na literatura relevante.



Figuras 1a e 1b.- Índices de desigualdade.

Fonte: Elaboración propia a partir de ECV 2004-2014 (INE), ECVF series enlazadas 2003-2014 (IGE), e EU-SILC 2004-2013(Eurostat). O ano refírese ao ano de referencia das rendas.

ciais diferentes das pensións tenden a estaren infradeclaradas nas respostas que os entrevistados proporcionan nas enquisas. O emprego de rendas obtidas de rexistros administrativos tende a dar un nivel de renda máis elevado ao reducir a posible infradeclaración de ingresos, aínda que non será inmune á existencia dunha economía somerxida entre outros problemas. Hai que ter presente tamén que o concepto de renda empregado non inclúe rendas en especie, agás o uso do coche de empresa. En particular, non inclúe alugueres imputados pola vivenda en propiedade, aínda que hai unha definición alternativa que si inclúe este concepto e é ofrecida polas diferentes oficinas de estatísticas (o IGE tamén inclúe o aforro polos alimentos recibidos). Máis importante aínda é que o concepto de renda tampouco inclúe prestacións públicas recibidas en especie (ex. provisión directa de educación ou sanidade gratuítas ou subsidiadas). Por iso non terá en conta o importante efecto distributivo dalgunhas delas, nin como este se puido ter reducido como consecuencia dos posibles recortes nas mesmas ou como resultado da introdución de fórmulas de copago. O indicador multidimensional empregado na sétima sección ten en conta, ademais da renda, outra información declarada polos fogares na

entrevista con respecto á situación laboral dos seus membros e á privación do fogar en diversas dimensións.

A desigualdade na distribución da renda

A UE estableceu en 2001 unha batería de índices de pobreza e desigualdade elixidos para monitorizar os progresos nesas áreas dentro dun ambicioso e falido plan de desenvolvemento, a Estratexia de Lisboa, que fixaba unha serie de grandes obxectivos a acadar entre 2000 e 2010. Estes son coñecidos como os indicadores de Laeken e son periodicamente publicados por Eurostat.¹² Entre eles, inclúense dúas medidas da desigualdade na renda dispoñible: 1) o coeficiente de *Gini*, o máis coñecido índice de desigualdade que para rendas non negativas toma valores entre 0 (total igualdade) e 1 (máxima desigualdade); e 2) O indicador S80/S20 que mide o cociente entre a renda do 20% máis rico da poboación e a do 20% máis pobre.

A desigualdade da renda dispoñible dos fogares en Galicia medida por estes dous indicadores é inferior á do conxunto de España e á media da UE (27 países), aínda que resulta superior á dos países do norte e do leste europeo. Véxanse as **figuras 1a e 1b**, que mostran a evolución re-

12 Reciben o seu nome da localidade belga onde se celebrou o consello europeo que os aprobou. Para unha descrición dos mesmos, véxase Eurostat (2004).

cente da desigualdade en España, Galicia e a UE. As figuras tamén presentan os datos para Suecia para termos como referencia un país de baixa desigualdade. O feito de que a sociedade galega sexa máis homoxénea en termos de distribución do ingreso era xa coñecido; a novidade durante estes anos de crise é un importante cambio de tendencia. Se a desigualdade se viña reducindo en Galicia entre 2003 e 2008, incrementouse de maneira importante a partir de 2011, aínda que o fai en menor proporción ca no caso español. Por exemplo, os ingresos do 20% máis rico da poboación galega en 2013 equivalen a 4,5 veces os do 20% máis pobre, fronte a 4 veces en 2008. Aínda así, segue a ser inferior ao nivel europeo (5) e especialmente ao español (6,8). O índice de Gini galego é do 0,286 en 2013 fronte a 0,272 en 2008 (en España: 0,347 fronte a 0,329), cando na UE é lixeiramente superior a 0,300 e en Suecia se sitúa por baixo de 0,250.

O risco de pobreza monetaria: a identificación dos pobres

O enfoque máis convencional na medición da pobreza é o da *pobreza monetaria ou financeira*, entendida como a carencia de recursos económicos suficientes para satisfacer un conxunto de necesidades socialmente aceptables. Este enfoque considerará como pobres a aquelas persoas que teñen unha renda dispoñible total no seu fogar inferior a un determinado limiar de risco de pobreza (que dependerá do número e composición dos seus membros).¹³ A identificación da poboación pobre fixando un valor razoable para este limiar é precisamente un dos aspectos máis relevantes na medición da pobreza (xunto coa cuantificación da pobreza que abordamos na sección seguinte). O principal dilema é se este limiar debe ser absoluto ou relativo.¹⁴

13 Unha alternativa tamén empregada nalgúns ámbitos académicos é probabilística. Este enfoque determina con que probabilidade unha persoa é pobre (utiliza un limiar de pobreza 'borroso'). O enfoque habitual é determinista, unha persoa será pobre ou non dependendo de se o seu ingreso dispoñible é inferior ou superior a un limiar de pobreza establecido.

14 Nalgúns casos emprégase como limiar un referente administrativo (ex. o limiar de ingresos da RISGA foi usado de xeito complementario en GES, 1995). Alternativamente ao enfoque obxectivo predominante, unha corrente académica que tivo certo vigor no pasado, sobre todo nos 1980s, defende a utilización de información subxectiva proporcionada polos fogares nas entrevistas para a identificación dos pobres (ex. limiares de pobreza de Kapteyn e Leiden). No caso de Galicia, CSS (2001) empregou a información subministrada polos fogares sobre a súa situación para calcular a incidencia da pobreza.

15 En realidade, os limiares absolutos tenden a seren crecentes co nivel de renda (ou consumo) do país no que se calculan, como deixaron de manifesto os diferentes estudos do Banco Mundial que conduciron á elaboración de dous limiares de pobreza global ou mundial a partir dos limiares nacionais dos países máis pobres. Actualmente están fixados en 1,25 e 2 dólares americanos por día, corrixidos polas diferenzas en paridade de poder de compra, pero teñen pouco interese para os países de renda alta.

Os limiares de pobreza absolutos

Nos EE.UU., na maioría de países de renda media ou baixa e nos organismos internacionais que os estudan (ex. o Banco Mundial, CEPAL) o limiar de pobreza empregado habitualmente é *absoluto*. O limiar absoluto obtense como resultado de valorar nun ano determinado as necesidades básicas dun fogar. A maneira máis habitual é determinar primeiro, de acordo coas pautas de consumo comúns dunha poboación de referencia, o custo dunha cesta alimentaria capaz de proporcionar un mínimo calórico (ex. 2.000 calorías por adulto e día). Así determínase o que algúns consideran un limiar de pobreza extrema (ou indixencia) para ese ano tomado como referencia. Logo, este limiar amplíase para ter en conta outros bens diferentes dos alimentos. Tipicamente utilízase un multiplicador (ex. multiplicando o limiar por 3) en función da porcentaxe que estes bens representan no consumo total da poboación de referencia. Finalmente, o limiar de pobreza calculados para un ano base actualízanse cada ano en función da evolución dos prezos, de xeito que reflecta un poder de compra constante ao longo do tempo. Por exemplo, o limiar de pobreza oficial nos EE.UU. (limiar de pobreza de Orshansky) estimouse inicialmente en 1969 (con datos de 1963-1964) e mantense na actualidade malia os importantes cambios acontecidos nas pautas de consumo e no nivel de vida da poboación deste país. Estes limiares absolutos teñen como vantagem que se corresponden coa idea intuitiva de pobreza como capacidade para satisfacer unhas necesidades básicas, pero ten diversos inconvenientes. Dunha banda, son necesarias múltiples decisións arbitrarias para o seu cálculo (ex. determinar as necesidades a cubrir, elixir a cesta de bens que as conseguen, etc.) e non recollen a idea de pobreza como exclusión social, o que esixe ter en conta como se sitúa cada quen en relación á poboación na que vive.¹⁵

Os limiares de pobreza relativos

Na UE, en cambio, o criterio habitual ven sendo o de fixar un limiar de pobreza relativo, que ten en conta as condición de vida do conxunto da poboación en cada país en cada momento (actualmente tomando como referencia a renda mediana, anteriormente facíase coa renda media). Polo tanto, este limiar relativo non fai referencia ao custo dunha cesta de bens, senón a unha distancia máxima admisible respecto da persoa que ten a renda mediana (que poderíamos identificar coa clase media en países de renda alta).¹⁶ Este criterio responde á definición de pobreza que en 1984 empregou a Comisión Europea: “Os pobres son aquelas persoas, familias e grupos de persoas con recursos (materiais, culturais, ou sociais) tan limitados que os exclúen do mínimo estándar de vida aceptable no seu Estado membro da UE no que residen”.¹⁷ Deste xeito, o limiar reflectirá a evolución da renda de referencia, a mediana, axustándose automaticamente ao crecemento económico, aínda que tamén en períodos de recesión. Isto supón unha importante diferenza cos limiares absolutos que, aparte de que tenden a mostrar niveis inferiores de partida, permanecen constantes en termos de poder adquisitivo durante longos períodos de tempo.¹⁸

O *Limiar de risco de pobreza* (*‘At-risk-of-poverty threshold’*) común na UE dende o establecemento dos indicadores de Laeken en 2001 é o 60% da mediana da renda dispoñible por adulto equivalente do Estado membro, polo que a contía en euros varía de acordo co nivel de renda do país (ex. será máis elevado en Suecia e máis baixo en Bulgaria).¹⁹ Deste xeito definiremos o limiar de pobreza español. Por extensión, resulta natural definir un limiar de pobreza galego, no que tomamos como referencia a renda mediana da nosa comunidade autónoma, que tradicionalmente viña sendo máis baixa cá española, pero que actualmente se sitúa nun

nivel moi similar (pola menor caída durante a recesión).

O limiar de pobreza español (**figura 2a**) con rendas de 2013 (ECV 2014) é de 7.961 € por adulto equivalente. Isto implica que estes serán os ingresos totais dispoñibles mínimos que debería ter un fogar conformado por un único adulto para non estar en risco de pobreza. Este limiar supón una diminución durante a crise do 10% en termos nominais (perda dun 18% do seu poder adquisitivo) dende os 8.877 € en 2008, en paralelo á caída da renda mediana. A contía para 2013 equivale a un promedio de 663 € mensuais (569 €/mes en 14 pagas). Isto implica que unha persoa soa obtendo o salario mínimo interprofesional a tempo completo (645 € en 14 pagas) durante todo o ano 2013 non sería pobre, e o mesmo ocorre cun pensionista cobrando a pensión mínima contributiva (631 € en 14 pagas). Téñase en conta que a pensión contributiva mínima estaba lixeiramente por baixo do limiar de pobreza en 2008, pero quedou por riba posteriormente, o que pode contribuír a explicar parte do cambio acontecido na incidencia da pobreza dos maiores de 65 anos e que ten unha importante repercusión en Galicia polo seu maior peso demográfico. En cambio, en 2013 sería pobre un perceptor individual da RISGA (399 € mensuais) ou dunha pensión non contributiva (367 € en 14 pagas), polo que estas prestacións alivian a intensidade da pobreza, pero non é esperable que teñan un impacto na súa incidencia.


Para determinar se é pobre unha familia de dúas ou máis persoas, incrementamos o limiar de ingresos en proporción ao número de adultos equivalentes (*ver nota 11*). No caso dunha familia de dous adultos e dous menores, a contía anterior multiplícase por 2,1. O limiar de renda dispoñible do fogar sería de 16.719 €/ano en 2013, equivalente a 1.194 €/mes (en 14 pagas), cifra algo inferior a dous salarios mínimos a tempo completo percibidos durante todo

16 Se ordenamos a poboación dun país de máis pobre a máis rico, a renda mediana é a renda da persoa que ocupa o lugar central (percentil 50).

17 Decisión do Consello, de 19 de decembro de 1984, relativa a unha acción comunitaria específica de loita contra a pobreza.

18 O conflito entre os enfoques absoluto e relativos, é resolto por A. Sen, para quen “a pobreza é unha noción absoluta no espazo das capacidades pero con frecuencia toma unha forma relativa no espazo dos bens ou características” (Sen, 1983: páx. 161). É dicir, as necesidades básicas que as persoas precisan satisfacer son as mesmas en calquera sociedade e momento do tempo, pero os bens que se requiren para as satisfacer varían en cada caso.

19 A elección desta porcentaxe é completamente arbitraria, aínda que o resultado é transparente e resulta doado analizar a robustez dos resultados ante cambios no limiar. Anteriormente empregábase o 50% (en lugar do 60%) da renda media (no canto da mediana), aínda que o nivel é parecido. Algúns organismos internacionais (ex. OCDE, UNICEF) empregan nos seus informes habitualmente o 50% da renda mediana, que representa un limiar máis baixo có europeo e, por tanto, reflectirá unha pobreza máis severa.



Figuras 2a e 2b.- Liniars de pobreza (LP) anuais, español e galego.

Fonte: Elaboración propia a partir de ECV 2009-2014 (base 2013, INE) e ECVF 2008-2014 (IGE).

O ano refírese ao ano de referencia das rendas.

o ano. Este limiar de pobreza aumenta co número de membros do fogar en maior proporción do que o fan as prestacións sociais como a RISGA, polo que os seus perceptores habitualmente estarán en risco de pobreza.

O limiar de pobreza galego (tomando como referencia a renda mediana galega en vez da española) e usando os mesmos datos do INE, sería algo inferior ao español en 2008 (8.164 € por adulto equivalente), aínda subiu un pouco en 2009 (8.361 €) e caeu en 2013 (7.998 €) pero quedando lixeiramente por riba do español. Isto reflicte a menor caída da renda mediana en Galicia (2% en termos nominais, un 11% en poder adquisitivo). O limiares galegos empregando datos do IGE (cos ingresos obtidos a partir de entrevistas) son algo inferiores aos que se obtíñen calculados con datos do INE (que utiliza de xeito preferente os rexistros administrativos para estimar o ingreso anual) - Figura 2b. Por exemplo en 2013 son de 7.104 € para un adulto (14.918 € para o fogar de dous adultos e dous menores) – fronte a 7.314 € e 15.359 € en 2008.

Os limiares de pobreza ‘híbridos’

Dada a caída na renda mediana (e no limiar de pobreza) entre 2008 e 2013, para medir o verdadeiro impacto da crise económica na pobreza e nas condicións de vida dos pobres resulta de especial interese empregar, de xeito comple-

mentario, unha perspectiva de pobreza absoluta.²⁰ Como foi comentado anteriormente, en Galicia, ao igual ca no resto da UE, non existe tradición de calcular o custo dunha cesta de bens para determinar o limiar de pobreza. Pero hai unha maneira sinxela de facer unha análise da evolución en termos absolutos: manter o limiar de pobreza relativo de 2008 en poder adquisitivo (o mesmo valor que tiña en 2008 actualizado polo cambio do IPC galego entre decembro de 2008 e decembro de cada ano). Este limiar de pobreza híbrido (construído usando o criterio relativo pero evolucionando de acordo co criterio absoluto) coñécese nos indicadores de Laeken como *Limiar de pobreza ancorado nun momento do tempo* (*‘At-risk-of-poverty threshold anchored at a moment in time’*).²¹ O limiar de pobreza galego (ECVF) ancorado en 2008 foi en 2013 de 7.812 € para unha persoa soa, ou de 16.405 € para unha parella con dous nenos, o que implica elevar os limiares relativos nun 10% nese ano (véxase a **figura 3**).

O risco de pobreza monetaria: cuantificación da pobreza

A taxa de risco de pobreza

Unha vez identificada a poboación pobre, a segunda cuestión que debe abordarse na medición da pobreza é a súa cuantificación. O

20 Unha análise de pobreza absoluta (como complemento do enfoque relativo) é importante en épocas de grandes transformacións para ter unha imaxe máis completa da situación. Isto é certo non só en períodos de recesión profunda como a máis recente. Tamén en episodios de forte crecemento económico sostido, como o dos anos da expansión económica previa. O limiar de pobreza relativa aumenta, de xeito que unha pobreza relativa estable pode estar a agochar unha mellora significativa nas condicións de vida da poboación. Para unha análise da pobreza absoluta en Galicia durante os anos 1973-1999 véxase Gradín e del Río (2001).

21 Actualmente nos EE.UU., ante os diferentes problemas do limiar oficial, calcúlase tamén un limiar de pobreza suplementario, sen carácter oficial, que tamén pode ser considerado como un híbrido entre limiar de pobreza absoluto e (semi-)relativo. Neste caso calcúlase un limiar absoluto (cesta de bens) que se actualiza periodicamente en función da evolución quinquenal do gasto (ao redor do percentil 33 na distribución de gasto).




Figura 3.- Limiare de pobreza galegos (relativo LPG e ancorado LPG 2008)

Fonte: Elaboración propia a partir de ECVF 2008-2014 (IGE).

O ano refírese ao ano de referencia das rendas. O LPG é o limiar de pobreza galego relativo. O LPG2008 é o LPG de 2008 actualizado de acordo coa variación no índice de prezos ao consumo (IPC) – LPG ancorado en 2008.

22 Empregando o limiar español, estimamos (95% de confianza) un intervalo de confianza de 14,6-22,2% para Galicia en 2011 e de 12,4-18,3% en 2013 (co limiar de pobreza galego: de 14,5-21,2% e 12,7-18,4% respectivamente). Calculamos estes intervalos de confianza empregando o método bootstrap corrido por sesgo con 1.000 réplicas, considerando o fogar como unidade de mostraxe, e tendo en conta os factores de elevación. Desafortunadamente, os ficheiros de microdatos de acceso público non proporcionan toda a información necesaria para unha estimación máis exacta que teña en conta o deseño completo da mostra (mostraxe en dúas etapas con estratificación na primeira etapa).

23 Para entender mellor a discrepancia entre as estimacións coa ECV (INE) e a ECVF (IGE) sería preciso unha análise

principal índice empregado para cuantificar a pobreza é a Taxa de risco de pobreza ('At-risk-of-poverty rate'): porcentaxe de poboación cunha renda dispoñible por debaixo do limiar de risco de pobreza. A taxa de risco de pobreza (limiar español, INE – figura 4) é inferior en Galicia do que é en España e cunha tendencia á redución entre 2011 e 2013 contrariamente ao

máis detallada, xa que se refíren a unha mesma poboación e teñen obxectivos similares, pero non coñecemos ningún estudo ao respecto. Tamén é de destacar que sería desexable unha maior integración das dúas fontes que combinara as súas respectivos vantaxes.

24 Cun 95% de confianza, o risco de pobreza en Galicia pasou de estar entre 13,0%-14,9% en 2008 a se situar en 2013 entre o 15,7%-17,6% da poboación, empregando o método descrito anteriormente.

que se observa no conxunto do Estado. Mentres que en España aumenta entre 2012 e 2013, pasando de 20,4% a 22,2%, o risco de pobreza cae en Galicia dende o 18,3% en 2011 ao 15,4% en 2013. Esta redución mantense cando empregamos o limiar de pobreza galego cos datos do INE (pasa do 17,6% ao 15,5%) aínda que o nivel de 2013 é case idéntico ao de 2010. Pero é de salientar que a caída na taxa de risco de pobreza en Galicia non é estatisticamente significativa con ningún dos dous limiares de pobreza, o que indica que pode ben explicarse pola variabilidade da mostraxe debido ao reducido tamaño da mostra galega.²²

Por contra, os datos do IGE (empregando o limiar galego, aparecen na mesma figura 4), reflicten un aumento da pobreza entre 2008 (13,9%) e 2013 (16,6%), especialmente visible entre 2010 (14,3%) e 2012 (16,5%).²³ Este aumento si é estatisticamente significativo, xa que as estimacións teñen un erro de mostraxe substancialmente menor polo maior tamaño da mostra de fogares entrevistados –aínda que tamén hai que ter en conta que é esperable que o INE proporcione unha medida máis axustada das rendas baixas polo uso dos rexistros administrativos.²⁴ Esta taxa de pobreza do 16,6% en




Figura 4.- Taxas de risco de pobreza en Galicia e España.

Fonte: Elaboración propia a partir de ECV 2009-2014 (base 2013, INE) e ECVF 2008-2014 (IGE).

O ano refírese ao ano de referencia das rendas. LPE e LPG refírense a limiar de pobreza español (INE) e galego (INE ou IGE) respectivamente.

2013 traduciríase en 451 mil persoas pobres no conxunto de Galicia (sobre unha poboación de 2,7 millóns).

Así, Galicia presenta unha taxa de pobreza de entre o 15,4 e o 16,6% da poboación (con rendas de 2013), dependendo do limiar empregado. Co limiar español do INE, Galicia presenta, cun 15,4% en 2013, unha das taxas máis baixas de risco de pobreza entre as CCAA xa que a pobreza tende a ser moi superior no sur da península (véxase **figura 5**). Ademais, este nivel está no entorno da media europea, onde España destaca por ter un dos niveis máis elevados xunto a outros países do sur e leste de Europa. A situación de Galicia na UE non varía substancialmente cando empregamos o limiar de pobreza galego (sexa con datos do INE ou do IGE). A **figura 6** representa os datos con rendas de 2012, último ano dispoñible para o conxunto da UE, cando a taxa de pobreza en Galicia era do 17,2% de acordo co limiar de pobreza oficial español ou 16,5% co limiar galego do IGE.

A pobreza infantil e outras experiencias heteroxéneas de pobreza

Esta foto global sobre a pobreza en Galicia agocha unha gran diversidade de niveis e traxectorias no risco de pobreza para distintos grupos de poboación. Así, a **figura 7** presenta a evolución do risco de pobreza por grupos de idade empregando o limiar de pobreza galego do IGE. Esta partición da poboación permite identificar dous colectivos especialmente vulnerables, os máis novos e os máis vellos. No caso das persoas maiores, a vulnerabilidade ten que ver con que xa non están no mercado de traballo e, polo tanto, non teñen forma algunha de responder ante unha situación adversa pois dependen do sistema de protección social (e do que puideran ter aforrado). No caso dos nenos e mozos, a pobreza actual aféctalles cando están a adquirir as súas diferentes capacidades, polo que pode implicar efectos permanentes,




Figura 5.- Taxa de risco de pobreza por CCAA en 2013.

Fonte: INEbase (www.ine.es).

Limiar de pobreza español. O ano é o de referencia da renda.




Figura 6.- Taxa de risco de pobreza na UE, 2012.

Fonte: Elaboración propia a partir de EU-SILC 2013 (Eurostat), ECV 2013 (base 2013, INE), e ECVF 2013 (IGE).

O ano refírese ao ano de referencia das rendas. LPG e LPE indican respectivamente limiar de pobreza galego (IGE) e español (INE).

limitando seriamente as súas oportunidades futuras.

A traxectoria de risco de pobreza destes dous colectivos non puido ter sido máis diverxente. Produciuse unha redución de 10 puntos porcentuais da taxa de pobreza dos maiores de 65 anos, ata case a metade do nivel inicial (do 20,8% en 2007 ao 10,8% en 2013). A caída maior deuse nos dous primeiros anos, o que requiriría dunha análise máis detallado fóra do alcance deste texto, pero debemos ter en conta que a renda dispoñible mediana dos maiores de




Figura 7.- Taxa de risco de pobreza na UE, 2012.

Fonte: Elaboración propia a partir de EU-SILC 2013 (Eurostat), ECV 2013 (base 2013, INE), e ECVF 2013 (IGE).

O ano refírese ao ano de referencia das rendas. LPG e LPE indican respectivamente limiar de pobreza galego (IGE) e español (INE).

25 Isto estaría relacionado co aumento da pensión media de xubilación en Galicia, que pasou de 673 € mensuais en decembro de 2008 a 817 € en decembro de 2013 (histórico de estadísticas de pensións da Seguridade Social). A pensión media tende a aumentar ademais de polas posibles revalorizacións anuais que se produzan, como consecuencia da maior contía das novas pensións recoñecidas e do menor importe das pensións que se extinguen.

26 Como xa se destacou en Gradín, del Río e Cantó (2006), os datos por áreas territoriais deben tomarse con moita cautela debido a gran variabilidade interanual que presentan dado que as mostras poden ser pequenas en moitos casos. Para extraermos conclusións robustas é preciso unha análise da significatividade estatística e, preferiblemente, de intervalos máis longos de tempo.

65 anos aumentou un 5% en termos reais entre 2008 e 2013, fronte á caída xeral do 11% mencionada para o conxunto da poboación.²⁵ A caída da pobreza entre as persoas maiores fai de contrapeso da subida dos demais grupos, máis expostos ás nefastas consecuencias da crise económica sobre o emprego e as rendas de traballo, explicando a traxectoria global.


Ao mesmo tempo, observamos un incremento alarmante da pobreza infantil e xuvenil debido á maior exposición dos seus fogares ao desemprego, e debido tamén á carencia de políticas de protección á infancia comúns noutros países europeos (especialmente as prestacións universais por fillo a cargo ata que este acada unha determinada idade). A taxa de risco de pobreza dos menores de 16 anos aumentou sete puntos porcentuais (un 46%) entre 2008 e 2012: pasando do 15,2% a un 22,2%. Logo baixando lixeiramente en 2013: 21,4%, aínda un 41%

superior ao nivel de 2008. Aínda maior e máis continuado foi o incremento do risco de pobreza dos que teñen entre 16 e 24 anos que pasou do 15,4% en 2007 ao 25,1% en 2013 (case 10 puntos porcentuais, un aumento do 63%). En termos de números isto implica que case 75 mil nenos (de menos de 16 anos) e uns 52 mil rapaces (de entre 16 e 24 anos) estaban en situación de risco de pobreza en 2013. Aínda que en menor medida, tamén se produce un aumento do risco de pobreza do resto de adultos entre 2008-2013 (do 10,1% ao 17% para os de entre 25 e 49 anos; do 13,3% ao 16,2% para os de entre 50 e 64 anos).

Tamén son destacables as diferenzas territoriais en risco de pobreza, que podemos supoñer reflicten as importantes diferenzas en estrutura económica e demográfica que atopamos ao longo do territorio galego, e que fan variar tamén o grao de exposición ante a crise económica. De acordo cos datos da ECVF do IGE en 2013 a incidencia da pobreza (limiar galego) é do 12% ou menos nas áreas de Santiago de Compostela e centro e oriente da provincia de Lugo. Toma valores intermedios, do 15%, nas áreas de A Coruña e Ourense. Pero supera o 18% nas áreas de Vigo e Pontevedra, é mesmo o 20% noutras áreas como o sur de Pontevedra, a Costa da Morte ou O Carballiño/ O Ribeiro.²⁶

A intensidade da pobreza e a pobreza extrema

A análise anterior centrouse na incidencia ou risco de pobreza. O indicador de taxa de risco de pobreza non ten en conta información sobre a intensidade da mesma. Entre os indicadores de Laeken hai un que ten en conta a magnitude da brecha que separa o ingreso dos pobres do correspondente limiar de pobreza, a *brecha relativa de risco de pobreza* ('Relative at-risk-of-poverty gap'; denominado *desfase relativo da renda baixa mediana* polo IGE), que mide a diferenza entre o limiar de pobreza e a mediana de renda entre os pobres (expresada como por-



Figuras 8a e 8b.- Taxa de risco de pobreza (esquerda) e Brecha relativa de risco de pobreza.

Fonte: Elaboración propia a partir de ECVF 2008-2014 (IGE). O ano refírese ao ano de referencia das rendas. O LPG é o limiar de pobreza galego relativo. O LPG2008 é o LPG de 2008 actualizado de acordo coa variación no índice de prezos ao consumo (IPC) – LPG ancorado en 2008.

centaxe do limiar de pobreza).²⁷ A brecha relativa de pobreza aumentou dende un 19,3% do limiar de pobreza galego (IGE) en 2009 ata case o 24,7% en 2012, baixando logo lixeiramente ata o 23,1% en 2013. Isto supón que a pobreza en 2012 eran un 28% máis intensa do que en 2009 (figura 8b, liña continua). Polo tanto, ademais do aumento da incidencia da pobreza nos últimos anos en Galicia antes constatado, tamén se produciu un importante agravamento da súa severidade. Por idade, comprobamos que a brecha relativa de pobreza é tamén menor entre os máis vellos (17,5%), do que é entre os nenos, mozos e resto de adultos (26-27%).

Outro dos indicadores de Laeken é a *dispersión en torno ao limiar de risco de pobreza* ('dispersion around the at-risk-of-poverty threshold'). Este indicador implica comparar como varía a incidencia da pobreza cando se empregan diferentes limiares: o 40%, 50%, e 70% da mediana. O primeiro deles permite identificar o que poderíamos denominar como pobreza extrema, que aumentou en Galicia (usando o limiar galego na ECVF do IGE: 4.736 € anuais para unha persoa soa, 9.946 € para dous adultos e dous nenos en 2013). Situábase sobre o 3,7% entre 2007-2009 e pasou a representar o 6% da po-

²⁷ Na literatura sobre pobreza o máis habitual é estimar a brecha media de pobreza, a diferenza entre o limiar de pobreza e a renda media da poboación pobre (tamén expresada como porcentaxe do limiar de pobreza). Na literatura é habitual tamén o uso de índices de pobreza que teñen en conta tanto a incidencia da pobreza, como a súa intensidade e mais a desigualdade na distribución da renda entre os pobres, como algúns membros da familia de índices de Foster-Greer-Thorbecke (FGT) ou o índice de Sen, entre outros.

boación en 2012 (5,9% en 2013). A incidencia co limiar máis alto tamén aumentou algo menos de dous puntos porcentuais (22% en 2008, 23,8% en 2013).

Para achegármonos á pobreza extrema é preciso recorrer tamén a outras fontes, xa que as enquisas baseadas no censo de vivendas exclúen a certos colectivos como os sen teito ou os que residen en institucións. As persoas sen teito son un colectivo difícil de cuantificar polas súas propias características. A *Encuesta sobre las personas sin hogar* do INE entrevistou a persoas que acudiron a centros de atención a este colectivo en poboacións de máis de 20 mil habitantes e estimou en 1.903 as persoas sen fogar en Galicia en 2012 (fronte a 1.535 en 2005), mentres que a *Encuesta sobre centros de atención a personas sin hogar* de 2014, tamén do INE, estimou que diariamente foron atendidas na rúas galegas algo máis de 300 persoas, se serviron de media 1.555 comidas e se ocuparon 572 prazas de albergues.

A evolución da pobreza absoluta

Dada a caída na renda mediana experimentada entre 2008 e 2013 e, consecuentemente, no limiar de pobreza, resulta de especial interese para medir o verdadeiro impacto da crise eco-

nómica na pobreza e nas condicións de vida dos pobres empregar tamén unha perspectiva de pobreza absoluta. Empregaremos para iso o limiar de pobreza galego ancorado en 2008: o limiar de pobreza galego estimado para 2008 (ECVF) pero mantido constante en termos reais (actualizado polo IPC) ao longo do tempo. Observamos que a taxa de risco de pobreza (**figura 8a,b** liñas descontinuas) tería aumentado de 13,9% da poboación galega en 2008 a 22,3% en 2013, nada menos que un aumento do 60% (8,5 puntos porcentuais). Isto implicaría 608 mil persoas en risco de pobreza (159 mil máis que o limiar relativo). E a intensidade da pobreza (brecha relativa) tería aumentado do 19,5% a 25,1% no mesmo período, un incremento de case o 30% (5,5 puntos porcentuais).

Do mesmo xeito, se repetimos o exercicio para os menores de 16 anos, comprobamos que a pobreza infantil tería aumentado do 15,2% en 2008 ata o 28,5% en 2013, un incremento do 87% (13 puntos porcentuais), mantendo unha brecha relativa do 27% en 2013 co novo limiar de pobreza. Aínda peor, a incidencia da pobreza entre os mozos (16-24 anos) teríase nada menos que duplicado (dende o 16,3% ata o 33%). A pobreza entre os maiores de 65 anos, en cambio, teríase reducido de xeito importante pero só de forma sostida no período 2007-09: do 20,8% en 2007 ata o mínimo de 15,7%. A partir de aí, tras algunhas oscilacións, acabaría no 16,1% en 2013.²⁸

De acordo co limiar de pobreza ancorado, a poboación en risco de pobreza en 2013 sería de máis de 608 mil persoas, das que case 100 mil serían nenos menores de 16 anos e outros 68 mil, mozos entre 16 e 24 anos.

A pobreza multidimensional: a taxa AROPE

Nos últimos tempos, foise consolidando a idea de que a pobreza é un fenómeno multidimensional e non pode abordarse exclusivamente

mediante a análise dos ingresos dos fogares, senón que debería abranguer a privación que estes sofren en ámbitos como vivenda, saúde, alimentación, ocio, ou relacións sociais, entre outros. O problema é que aínda non existe un consenso sobre cal é a mellor maneira de abordar esta multidimensionalidade pola súa inherente complexidade.²⁹ Nesta liña, a estratexia Europa 2020 da Comisión Europea estableceu un novo indicador para monitorizar os progresos da UE en termos de cohesión social entre 2010 e 2020 que para identificar aos pobres ou excluídos combina o criterio monetario con outro tipo de privacións.³⁰ Este índice, chamado *Taxa de risco de pobreza ou exclusión social*, tamén coñecida como AROPE polas siglas en inglés ('at-risk-of-poverty or exclusion'), considera nesa situación a unha persoa que estea incluída en calquera das tres seguintes situacións de privación:

1. Risco de pobreza (monetaria), tal e como foi definido anteriormente.
2. Fogar con intensidade laboral moi baixa: persoas (0-59 anos) que viven en fogares onde os membros en idade laboral (18-59 anos; os de 18-24 anos só se non estudian) traballaron menos do 20% dos meses potenciais durante o ano de referencia.
3. Fogar con privación material severa: persoas en fogares que declaran a carencia de 4 ou máis conceptos (dunha listaxe de 9):
 - Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
 - Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe polo menos cada dous días.
 - Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada.
 - Non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos.
 - Tivo retrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, gas, comunidade, etc.).

28 É dicir, dos case 10 puntos porcentuais de caída da incidencia da taxa de risco de pobreza relativa dos maiores de 65 anos entre 2007 e 2013 antes mencionada, algo máis da metade (5,2) serían atribuíbles á caída do limiar de pobreza en termos reais (teríase producido aínda que as rendas dos maiores quedaran conxeladas en termos reais). O resto (4,7) está asociado coa mellora en termos reais da renda dispoñible das persoas maiores (teríase producido aínda que o limiar de pobreza permanecera constante en termos reais).

29 A complexidade vendada pola decisión de que dimensións incluír, cal debe ser o grao de substituíbidade entre as mesmas ou o peso que debemos darlle a cada unha, etc. Un exemplo de indicador multidimensional adoptado por diferentes países e institucións é o *Índice de Pobreza Multidimensional* (MPI) desenvolvido pola Oxford Poverty and Human Development Initiative (OPHI).

30 A estratexia Europa 2020 de crecemento da Comisión Europea estableceu como un dos seus cinco grandes obxectivos cuantificables a redución en 20 millóns do número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social na UE.

- Non pode permitirse dispoñer de coche.
- Non pode permitirse dispoñer de teléfono (fixo ou móbil).
- Non pode permitirse dispoñer de televisor en color.
- Non pode permitirse dispoñer de lavadora.

Loxicamente, o risco de pobreza ou exclusión social ten unha incidencia maior cá do risco de pobreza (**figura 9**): en Galicia en 2013 está entre o 22,8% (IGE, limiar de pobreza galego) e o 23,8% (INE, limiar de pobreza español), similar á media da UE (23% en 2012). A cifra en España foi dun 29,2% en 2013. Isto implica que hai entre 622 e 645 mil persoas nesa situación. É así porque ás persoas en risco de pobreza polos seus baixos ingresos, este indicador engade a quen tendo uns ingresos por riba do limiar de pobreza está en risco de exclusión social por padecer privación material severa ou por vivir nun fogar con moi baixa intensidade laboral.

Dentro dos dous novos criterios que introduce a AROPE respecto do risco de pobreza, o que ten especial relevancia no caso galego (e español) é o impacto que a baixa intensidade laboral dos fogares está a ter durante a crise: en Galicia pasou do 8% da poboación en 2008 ao 15% en 2013 (17% no conxunto de España) –**figura 10**–. O outro criterio, a carencia material severa, implica adoptar un enfoque subxectivo (é o entrevistado quen valora a súa privación).³¹ Ademais, introduce elementos que teñen que ver coa riqueza acumulada máis que cos ingresos correntes, ao preguntar polo acceso a determinados bens de consumo duradeiro. Tamén ten en conta aspectos relacionados coas necesidades básicas (alimentación, vivenda, enerxía, ocio) ou a inseguridade económica (retrasos nos recibos básicos e incapacidade para afrontar imprevistos). Por estes motivos non é de estrañar que a incidencia da privación material severa tenda a tomar valores máis altos nos países do leste de Europa, con maior pobreza en termos absolutos




Figura 9.- Taxa de risco de pobreza ou exclusión social.

Fonte: Elaboración propia a partir de ECV 2009-2014 (base 2013, INE) e ECVF 2009-2014 (IGE).

O ano refírese ao ano de referencia das rendas. Os indicadores do INE empregan o limiar de pobreza español, o do IGE o galego.

ca nos da Europa occidental. A incidencia da privación material severa aumentou en Galicia dende o 2,5% en 2011 ao 5,5% en 2013 (do 4,5 ao 7% en España). En canto á importancia das diferentes carencias materiais, de acordo cos datos do INE podemos coñecer que un 55% dos galegos non se pode permitir unha semana de vacacións ao ano, un 36% non pode facer fronte a imprevistos, un 14% non pode manter a temperatura da súa vivenda, un 7% sufriu atrasos en recibos básicos, un 2,5% non se pode permitir un coche, e case o 2% unha comida de polo, carne ou peixe cada dous días.³²

Novamente, hai diferenzas notables por idade, co maior risco de pobreza ou exclusión social entre os galegos máis novos (**figura 11**). O risco é especialmente alto entre os de entre 16 e 24 anos, onde afecta a case un terzo da poboación (32,1%), e onde o aumento durante a crise contrasta unha vez máis coa caída para os maiores de 65 anos (que enfrontan un risco do 13%). Tamén é elevado (ao redor do 25%) entre os nenos (menores de 16) e resto de adultos (de 25 a 64 anos).

31 Nótese que este indicador simple outorga o mesmo peso a cada unha das nove posibles privacións, acepta que estas son substituíbles entre si, e só considera o caso en que se concentran catro ou máis privacións nun mesmo fogar.

32 Os casos menos frecuentes deben sempre tomarse con maior cautela polo elevado erro de mostraxe. Desafortunadamente, os datos de acceso público do IGE, que poderían aportar maior precisión, non permiten coñecer a incidencia das diferentes privacións.




Figura 10.- Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (AROPE) por compoñentes.

Fonte: Elaboración propia a partir de ECV (base 2013, INE).

O ano refírese ao ano de referencia das rendas. O indicador emprega o limiar de pobreza español.




Figura 11.- Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (AROPE) por idade en Galicia.

Fonte: Elaboración propia a partir de ECVF (IGE).

O ano refírese ao ano de referencia das rendas. O indicador emprega o limiar de pobreza galego.

A pobreza como fenómeno dinámico

Un aspecto moi destacable da pobreza é que se trata dun fenómeno moi dinámico. Contrariamente á concepción dominante da pobreza como algo estático, crónico, inamovible, a maior dispoñibilidade de datos lonxitudinais nos que

os fogares son entrevistados en anos sucesivos puxo de manifesto a partires dos anos 1970s que existe unha importante rotación na mesma. É habitual atopar resultados como que en torno a un 40% da poboación pobre nun ano, sae da pobreza no ano seguinte (taxa de saída da pobreza), ou que entorn a un 5% da poboación que non é pobre no ano inicial o será no seguinte (taxa de entrada na pobreza)³³. A pobreza temporal ou transitoria dunha parte importante da poboación ten que ver normalmente coa inestabilidade do mercado de traballo, aínda que tamén por cambios na percepción de prestacións sociais ou na composición dos fogares. Unha parte significativa da poboación que sae da pobreza é probable que volva a recaer en anos sucesivos dando lugar a episodios de pobreza recorrente. A pobreza transitoria contrasta coa pobreza permanente ou crónica doutro segmento da poboación que é pobre durante longos períodos de tempo. As causas e as consecuencias dun e outro tipo de pobreza difiren, como tamén difiren as políticas de inclusión social precisas para cada caso. De aí a relevancia de os distinguir.

Entre os indicadores de Laeken, a *Taxa de risco de pobreza persistente* (At-persistent-risk-of-poverty rate) trata de medir a importancia deste

³³ Gradín, Cantó e del Río (2015) ofrecen una revisión da literatura internacional sobre o tema.



último grupo, considerando como pobre persistentes a aqueles que ademais de seren pobres en base no ano de referencia da entrevista, tamén o foron durante dous dos tres anos anteriores. No caso de España, o 14% da poboación (Eurostat) estaba nesta situación en 2013, cun previsible incremento da cronicidade durante a crise – 10,2% en 2006, aínda que o dato non é totalmente comparable. Novamente, prodúcese unha maior incidencia entre os nenos: 19,6% entre os menores de 18 anos. A media da UE é sensiblemente máis baixa tanto para o conxunto da poboación, oscila entre o 8-10% nos anos para os que existen datos (2007-12), como para os nenos (11-13%). Desafortunadamente, para Galicia non dispomos de datos actuais adecuados para analizar este indicador, pero sería esperable que aínda que cun nivel máis baixo, se tivera producido un aumento da pobreza persistente durante a crise, e que esta tamén afectara con maior forza á poboación máis nova.³⁴

Conclusións finais

Os diferentes indicadores de cohesión social de Laeken e da Estratexia Europa 2020 permiten facérmolos unha idea axeitada da situación actual da sociedade galega. Unha sociedade tradicionalmente máis homoxénea en termos de distribución dos ingresos dos fogares cá media española ou europea, cunha incidencia

do risco relativo de pobreza e/ou exclusión social tamén menor có nivel español e que se sitúa no promedio europeo. Esta sociedade sufriu un forte impacto durante a crise económica que golpeou con forza na principal liña de flotación do boa parte dos fogares, os seus ingresos salariais, producindo unha importante caída na renda real e un aumento na desigualdade da renda e na pobreza.

A crise e os seus efectos incrementaron notablemente a pobreza relativa (tanto en incidencia como en intensidade) dos menores de 65 anos, pola súa exposición aos riscos do mercado de traballo. Este aumento na pobreza é aínda máis contundente cando empregamos unha perspectiva absoluta e mantemos o limiar de pobreza anterior á caída dos ingresos reais dos fogares. O aumento do risco de pobreza (relativa e absoluta) foi especialmente dramático entre a poboación infantil e xuvenil, o que é previsible que limite de xeito permanente as oportunidades futuras deste colectivo, algo que pola súa gravidade debería pasar a ocupar o primeiro plano nas preocupacións da sociedade galega.

O colectivo dos maiores de 65 anos, un grupo tradicionalmente vulnerable, veuse menos afectado durante a recesión, reducindo o risco de pobreza, grazas á maior resistencia das súas rendas que non están directamente influídas pola conxuntura laboral e á incorporación de novos pensionistas con prestacións máis elevadas. É ben coñecido o papel deste colectivo no soste-

34 A ECV do INE é un panel rotatorio que renova un cuarto da mostra cada ano, polo que é posible seguir durante catro anos unicamente a unha cuarta parte da mostra. Dado o pequeno tamaño da mostra lonxitudinal, non parece moi adecuada para facer unha análise fiable por CCAA. A ECVF do IGE aporta unicamente datos de sección cruzada, non re-entrevista aos fogares en anos sucesivos. Dos resultados de GES (1995) desprendíase unha taxa de entrada na pobreza do 6,1% dos fogares non pobres, e unha taxa de saída do 36% dos fogares pobres entre 1992 e 1993, empregando o único panel galego de fogares.

mento dos seus achegados máis afectados pola crise. Tamén cabe recordar que, polos mesmos motivos que resisten mellor unha recesión, as persoas retiradas tamén tenden a quedarse atrás cando a economía se recupera con vigor. O panorama descrito tamén supón unha chamada de atención do perigo de extraer conclusións simplistas tras observar a evolución dun único indicador que pode levar a facerse unha imaxe distorsionada da realidade polos motivos aquí expostos. Así, a observación da evolución da taxa de risco de pobreza relativa do INE para o conxunto da poboación pode levar unha errónea compracencia en canto aos efectos da crise

na distribución do ingreso en Galicia. En tempos de grandes transformacións, como as que están a acontecer, é preciso recorrer á unha batería completa de indicadores, relativos, absolutos, multidimensionais, e dinámicos, e a contrastar as diferentes fontes, coas súas vantaxes de desvantaxes, así como analizar a heteroxeneidade por grupos de poboación. Cada un destes indicadores aportará información complementaria que nos permitirá facérmolos unha imaxe máis precisa da realidade. Os indicadores de Laeken e da estratexia Europa 2020, malia as súas moitas limitacións, van nesta dirección. ■

Referencias

Ayala, Luís (2014), “Desigualdad y pobreza en España en el largo plazo, la continuidad de un modelo”, Documento de Trabajo 2.1, VII Informe sobre Exclusión y Desarrollo en España 2014, Fundación FOESSA, Madrid.

Cantó, Olga, Carlos Gradín e Coral del Río (2000), “La situación de los estudios sobre pobreza y desigualdad en España”, *Cuadernos de Gobierno y Administración*, 2, Pobreza y Desigualdad en España: enfoques, fuentes y acción pública, 25-94.

CES (Consello Económico e Social) (1997), *A situación da pobreza e o nivel de protección social en Galicia*, Consello Económico e Social de Galicia, Colección Informes 1/97.

CSSS (Consellería de Sanidade e Servizos Sociais) (2001), *Estudio da Pobreza e Exclusión Social en Galicia*, Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

EDIS (Equipo de Investigaciones Sociológicas) (1998), *Las condiciones de vida de la población pobre de Galicia*, Serie Pobreza 30, Fundación Pedro Barrié de la Maza y Fundación FOESSA, A Coruña.

Eurostat (2004), *The ‘Laeken’ indicators - EU-SILC guidelines 2004*, Eurostat, European Commission, Working group on EU-SILC, EU-SILC 131-rev/04, Luxemburgo.

Ferrer-i-Carbonell, Ada, Xavier Ramos, e Mónica Oviedo (2014), “Spain: What can we learn from past decreasing inequalities?”, en B. Nolan, W. Salverda, D. Checchi, I. Marx, A. McKnight, I. György Tóth e H.G. van de Werfhorst (eds.), *Changing Inequalities and Societal Impacts in Thirty Rich Countries*, Vol. 2, Oxford University Press, 616-640.

FOESSA (2014), *Informe sobre exclusión y desarrollo social en Galicia*, VII Informe sobre exclusión y desarrollo social en España 2014, Fundación FOESSA, Madrid.

GES (Gabinet d'Estudis Socials) (1995), *Informe sobre a pobreza en Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

González, Santiago (1999), *Abrente incerto: pobreza, dereitos humanos e desenvolvemento na Galicia de hoxe*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.

Gradín, Carlos, Raquel Arévalo, e María S. Otero (2003), *Elementos Explicativos de la Distribución de la Renta en Galicia: Género, Mercado*

de Trabajo y Vivienda, Instituto de Estudios Económicos de Galicia - Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, Monografía nº 18.

Gradín, Carlos, Olga Cantó Sánchez, e Coral del Río (2015), *Poverty over time: Empirical findings*, en C. D'Ambrosio (ed.), *Handbook of Research on Economic and Social Well-being*, Edward Elgar, en prensa.

Gradín, Carlos, Olga Cantó Sánchez, Coral del Río, e Francisco Azpitarte (2006), *A Pobreza e a Exclusión Social en Galicia*, Secretaría Xeral do Benestar, Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Gradín, Carlos e Coral del Río (2001), *Desigualdad, Pobreza y Polarización en la Distribución de la Renta en Galicia*, Instituto de Estudios Económicos de Galicia - Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, Monografía nº 11.

Gradín, Carlos, Coral del Río, e Olga Cantó (2006), *La Distribución de la Renta en Galicia. Análisis Territorial de la Desigualdad y la Pobreza*, Centro de Investigación Económica y Financiera (CIEF), Fundación CaixaGalicia, Santiago de Compostela.

Muñiz, Ramón (1996), *O pobo oculto. Pobreza e acción social en Galicia*, Biblioteca A Nosa Terra – Nós os galegos. Edicións A Nosa Terra, Vigo.

OCDE (2008), *Growing Unequal? Income Distribution and Poverty in OECD Countries*, Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos, París.

OCDE (2011), *Divided We Stand. Why Inequality Keeps Rising*, OCDE, París.

OIT (2015), *ILO Global Wage Report 2014/15, Wages and Income inequality*, Organización Internacional do Traballo, Xenebra.

Sánchez, Patricio, Antonio Vaamonde, e Xenaro García (2007), *A Pobreza en Galicia*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.

Sen, Amartya (1983), “Poor, Relatively Speaking”, *Oxford Economic Papers*, 35(2): 153-169.

Troitiño, Anxela (2000), “A desigualdade relativa na distribución persoal da renda en Galicia. Análise cuantitativa a partir dos datos da EPF 90/91”, Documento de Traballo, Economía Aplicada, 7, IDEGA, Santiago de Compostela.

Valedor do Pobo (1998), *Discriminación, marxinação, exclusión social en Galicia*, Informe extraordinario, Valedor do Pobo, Santiago.

Compromiso, coordinación e causas na loita contra a pobreza e a exclusión social

Xosé Cuns Traba

Un 29,2% da poboación española estaba no 2014 en risco de de pobreza e exclusión social. Este drástico aumento, unido ao da desigualdade, aínda que en menor medida en Galicia (23,8%) reflicte un fracaso rotundo do sistema de servizos sociais do conxunto do estado que obedece a tres causas principais: un escaso compromiso político en orzamentos e planificación a medio e longo prazo, unha falla sistemática de coordinación entre as administracións implicadas e coas organizacións especializadas e un enfoque asistencialista dirixido a paliar a emerxencia pero non á solucionar as causas da pobreza e a exclusión.

As persoas primeiro.

Non abundan as palabras: Queremos compromisos

Estes lemas son algunhas das conclusións do VI Seminario Galego de Cidadanía Inclusiva e Participación que en maio do 2015 se celebrou en Compostela. Moi semellantes aos escoitados noutros encontros en Barcelona, Garda (Portugal) ou Bruselas.

Un berro e unha opinión compartida por todas as persoas que participaron nos mesmos, pertencentes todas elas a colectivos que sofren pobreza ou exclusión social, e unha expresión de

dignidade semellante a que as ONG adicadas á cooperación ao desenvolvemento teñen escoitado e visto en moitos lugares do mundo.

Non son unha excepción. Lenta pero constantemente **aumenta a participación social e política das persoas en pobreza ou exclusión**, denunciando a súa situación e esixindo o cumprimento dos seus dereitos constitucionais. Nas redes sociais, medios de comunicación ou co seu voto. O VI Informe FOESSA sobre exclusión y desarrollo social en España ¹ ven de detectar que a chamada exclusión política baixou dun 51,7% no 2009 a un 32, 2% no 2015 (en Galicia un 10,3%)

Xosé Cuns Traba

Director
EAPN Galicia-Rede
Galega contra a
Pobreza

E quizais unha das poucas razóns para o optimismo. EAPN España ven de presentar o informe “O estado da pobreza en España 2015”². Coa última información oficial dispoñible, **o 29,2% da poboación española estaba en 2014 en risco de pobreza ou exclusión social, case 14 millóns de persoas**. 790 mil máis que o ano anterior. 2,1 millóns máis que no 2009, cando o Estado español comprometeuse na Estratexia Europa 2020 a que neste ano España reduciría en 1,4 millóns esta cifra.

Un **aumento notable da pobreza, pero especialmente da máis severa**. Xa son 3,2 millóns (o 6,9% da poboación) as persoas que malviven con ingresos inferiores a 3.981 € ao ano (332 euros ao mes). 400.000 máis que no 2013.

Mentres tanto o **crecemento da desigualdade** nos últimos anos situou a España cun índice Gini en 2014 do 34,7, superando en máis de tres puntos á media da Unión Europea (EU27). So superada por Serbia, Macedonia, Bulgaria, Letonia, Lituania, Grecia, Portugal e Romanía. A renda do 20% máis rico dos españois é, actualmente, 6,8 veces superior á renda do 20% máis pobre.

Unha pobreza e exclusión que, de xeito semellante en Galicia que no resto do Estado, ensáñase con **colectivos como os xóvenes de 16 a 29 anos (36,4%), os menores de 16 anos (35,4%) ou as familias monomarentais (53%)** asegurando que esta emerxencia social se manterá no futuro reproducindo un fenómeno que en cooperación ao desenvolvemento se coñece moi ben: o círculo vicioso da pobreza.

O **desemprego é a maior fábrica de pobreza e exclusión**. A poboación que vive en fogares con baixa intensidade de emprego era do 7,6% do total no 2009. No 2014 xa era do 17,1%. Máis de 6,1 millóns de persoas.

Ter traballo xa non garante saír da pobreza. A pesar do descenso das cifras de paro, en 2014 había un 14,2% de traballadores en situación de pobreza (un 11,7% o ano anterior). Unha vez




Gráfico 1.- Porcentaxe de persoas en pobreza ou exclusión por CCAA.

máis se demostra que non calquera traballo protexe da pobreza. Esta cuestión está moi relacionada coa precariedade laboral e a evolución crecente da xornada parcial que, para o segundo cuadrimestre de 2014, chegou ao 16% do total de ocupados.

Tampouco o mero crecemento económico garante a redución da pobreza se non ven acompañado de políticas redistributivas e de protección social activa, como demostra o análise polo miúdo das diferentes Comunidades Autónomas.

Sería absurdo prantexar unha análise da pobreza e a exclusión en Galicia sen ter en conta previamente o **fracaso do sistema español de servizos sociais, caracterizado por unha profunda desestruturación e con notables diferenzas** entre as súas Comunidades Autónomas tanto en calquera dos indicadores sociais que se consideren (no **gráfico 1**, porcentaxe de persoas en pobreza ou exclusión por CCAA) como nos servizos sociais que se prestan aos seus habitantes.

A gravidade desta *lotería social* motivou que a

Aumenta a participación social e política das persoas en pobreza ou exclusión, denunciando a súa situación e esixindo o cumprimento dos seus dereitos.

Plataforma del Tercer Sector, integrada pola práctica totalidade das organizacións de acción social españolas, veña de reclamar que **na reforma da Constitución Española, os dereitos sociais, culturais e económicos se consideren dereitos fundamentais**. Ou a modificación do seu título oitavo, de xeito que o Estado poida dispor dunha competencia de natureza compartida coas Comunidades Autónomas para desenvolver políticas de ámbito estatal en materia de solidariedade e inclusión social.

Con este marco nacional, en Galicia temos algunha pequena razón para o optimismo. **654.000 persoas, o 23,8% da poboación galega aínda malvivía no 2014 en risco de pobreza ou exclusión social**. Medio punto menos que no 2013 e 5,4 puntos menos que no conxunto do Estado.

A preocupación chega cando detallamos este dato, constatando que empeoran quen peor o están a pasar:

- As 151.000 persoas en situación de privación material severa. Un punto mais que no 2013, ata o 5,5% da poboación
- 14,9% dos fogares galegos con baixa intensidade laboral (a relación entre o número de persoas que traballan nun fogar e o das que están en idade de facelo). 0,8 puntos mais que no ano anterior e case o dobre que a que existía no 2009.
- As persoas en pobreza severa (con ingresos inferiores a 332€ ao mes) xa son o 3,5% da poboación galega: 96.000 homes e mulleres.

As persoas primeiro. Compromiso, coordinación e causas

Aínda que en mellor situación que na media do resto do Estado, Galicia comparte as tres principais razóns da mediocre eficiencia do sistema español de servizos sociais. As propias persoas en risco de pobreza e exclusión as definen repe-

tidamente en diversos foros, así como as súas principais demandas para asegurar unha loita efectiva pola inclusión social.

1.- Escaso compromiso político en orzamentos estables e planificación de políticas públicas a medio e longo prazo.

A elevada pobreza e exclusión en España é un fenómeno estrutural. Nos anos de maior crecemento económico apenas baixou do 19%. A crise económica manifestou con crueza esta eiva histórica dos servizos sociais, centrados en contribucións a partires do traballo, pero non tanto con enfoques específicos de loita contra a pobreza. O remate das diferentes prestacións por desemprego sen un sistema integrado e eficiente de servizos sociais e rendas mínimas, está detrás do brutal aumento dos datos de pobreza. A escasa prioridade orzamentaria é evidente: según Eurostat, xa no 2012, o Estado español destinaba a gasto social 6.026 euros por habitante, lonxe dos 8.500 euros da media da zona euro. Se lle unimos a xa comentada extrema dispersión entre administracións implicadas e o incremento de custes de xestión que isto supón, enténdese que moitos fondos non cheguen nunca as persoas que os precisan.

Son poucas as experiencias de elaboración de estratexias e planificación a longo e medio prazo, substituídas por un maremagnum de todo tipo de normativas e medidas puntuais e ailladas nas diferentes administracións implicadas, acompañadas normalmente dunha mediocre venda política. Esta extrema dispersión, ademais do lóxico sufrimento innecesario nas persoas, provoca unha excesiva carga de traballo e desánimo en moitas profesionais de servizos sociais en administracións e especialmente nas organizacións de acción social obrigadas a actuar de intermediarias, como así se puxo de manifesto no informe *“Por unha RISGA efectiva: dos papeis as persoas”*³.

Afortunadamente, esta eiva estase a corrixir en

Galicia
comparte
as tres
principais
razóns da
mediocre
eficiencia do
sistema
español de
servizos
sociais.

AROPE (2012-2013) e Liquidación orzamentos (2013-2014)					
Partida Protección e Promoción Social					
CONCELLO	AROPE (Pobreza + Exc)		Orz. Por persoa		Dif. Orz 2014-2013
	2012	2013	2013	2014	
Vigo	21,2%	24,2%	66,8	61,7	- 1.610.797
Coruña	19,1%	22,4%	95,1	95,47	- 17.719
Ourense	23,2%	20,4%	85,7	81,6	- 494.668
Lugo	17,7%	14,5%	157,2	164,5	690.057
Santiago	18,7%	18,0%	55,9	54,5	- 150.323
Pontevedra	20,6%	23,0%	48,7	50,7	159.946
Ferrol	23,0%	25,8%	109,4	116,7	417.058

Fonte: Ministerio Hacienda, Liquidación Presupuestos Entidades locales 2013 y 2014 (Liq. Provisional a 31.10.15 / IGE. Taxa de risco de pobreza ou exclusión social)

Gráfico 2.- Pobreza e exclusión e gasto real en protección e promoción social nas sete principais cidades galegas.

parte grazas á obriga da Comisión Europea de planificar en detalle e xunto aos actores implicados o destino dos Fondos Estruturais (FSE, FEDER, FEADER) que durante o período 2014-2020 cofinanciarán gran parte das actuacións de inclusión social na Administración Xeral do Estado e nas Comunidades Autónomas. En Galicia, aínda que a transparencia na xestión e avaliación dos fondos segue a ser un reto pendente na Consellería de Facenda, tense avanzado notablemente coa **Estratexia de Inclusión Social 2014-2020** aprobada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

2.- Escasa coordinación entre administracións públicas e coas organizacións de acción social.

Como xa se indicou anteriormente, a “*lotería social*” que caracteriza o sistema español de servizos sociais non é unha excepción en Galicia, como se pode observar a modo de exemplo no **gráfico 2**, sobre datos de pobreza e exclusión e gasto real en Protección e Promoción Social das sete principais cidades galegas (datos do Instituto Galego de Estatística e Ministerio de Hacienda⁴).

Unha coordinación e corresponsabilidade política e técnica na loita contra a exclusión melloorable en todos os niveis para asegurar que está centrada na inclusión activa e estable coas persoas.

Dentro das propias administracións, onde as políticas de benestar social, emprego e educación deberían ir da man (neste senso a recente separación de competencias de Emprego e Política Social na Xunta de Galicia entendemos que é un paso atrás)

Entre administracións. Comezando pola Administración Xeral do Estado elaborando de inmediato unha Lei Estatal de Rendas Mínimas⁵ que recoñeza o acceso a unha prestación mínima como dereito subxectivo da cidadanía, e que asegure a mellora e racionalización das actuais leis autonómicas e a súa relación cun profesional de base estable nos servizos sociais básicos.

Entre concellos limítrofes, promovendo a prestación conxunta de servizos sociais para mellorar a calidade e rendibilidade social dos servizos e a redución de custes de estrutura.

Coa **Xunta de Galicia e as súas delegacións**. E mesmo coas **deputacións** provinciais e coa **FE-GAMP**, onde entendemos se debe ter unha comisión específica con indicadores de cumprimento para avanzar mensualmente nesta coordinación.

Coas **ONG** implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión, fomentando o diálogo civil con xuntanzas periódicas políticas e técnicas de intercambio de información e establecemento de estratexias comúns. E co criterio de **non admitir o lucro na loita contra a pobreza e a exclusión**, implantando cláusulas sociais na contratación pública en materia de servizos sociais, recoñecendo a experiencia e valores das organizacións non lucrativas e asegurando que operan en igualdade de condicións con outros actores económicos.

3.- Loita efectiva contra as causas da pobreza e a exclusión.

“*O sistema de servizos sociais español está mais pensado en expulsar as persoas en pobreza do sistema que en que saian da pobreza*”. Miguel Laparra. Profesor de Política Social da Universidade Pública de Navarra.

Tras varios anos de crise, resulta contraproducente e un fracaso político das administracións que seguen a impulsar medidas de emerxencia e non afrontan de xeito decidido procesos integrais de inclusión. A aposta por políticas e medidas asistencialistas nos últimos anos, ademais dun abuso da boa fe e a solidariedade demostrada por milleiros de galegos e galegas, reforza a culpabilización das persoas en pobreza e exclusión e impide a súa inclusión efectiva.

Políticas e medidas a medio e longo prazo como as xa citadas deben ir acompañadas do **fomento da participación activa das persoas en risco de pobreza ou exclusión**, tanto presencial como a través de redes sociais. Como se ten demostrado dabondo nas decenas de seminarios e congresos de participación en toda a Unión Europea ⁶, ou mesmo coa Valedora do Pobo e parlamentarias galegas ⁷, facilitar que as persoas falen por si mesmas defendendo os seus dereitos e esixindo melloras políticas é un requisito *sine qua non* para o seu empoderamento.

Pero loitar de xeito efectivo contra as causas da pobreza obriga as organizacións de acción social e de cooperación ao desenvolvemento a denunciar os inxustificables e sistemáticos recortes nos orzamentos de políticas sociais levados a cabo nos últimos anos. Esixindo **medidas contra o fraude fiscal ou a corrupción política ou fomen-**

Facilitar que as persoas falen por si mesmas defendendo os seus dereitos e esixindo melloras políticas é un requisito sine qua non para o seu empoderamento.

tando a transparencia e a exhaustiva rendición de contas como establece a Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: Publicar, mediante criterios *Open Data*, a execución orzamentaria do exercicio anterior ao máximo nivel de detalle ou a difusión inmediata trala resolución de proxectos subvencionados e non subvencionados en cada convocatoria pública, indicando puntuación obtida, ou de todos os concursos públicos de calquera índole, etcétera.

Unha medida inmediata: a aprobación do Decreto regulador da Lei de Inclusión

En Galicia gran parte da filosofía e medidas reclamadas están recollidas na Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Unha lei na que se establecen os principios e criterios de funcionamento da Renda de Inclusión Social de Galicia (Risga) e que na súa Disposición final primeira di que “*A Xunta de Galicia, nun prazo máximo de seis meses dende a publicación da presente lei, elaborará as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación*”.

Tras **máis dun ano e medio de retraso**, o decreto que debe regular a Lei de Inclusión segue sen publicarse.

Este retraso, ademais de comprometer inxustamente a credibilidade das novas medidas de política social anunciadas pola Xunta de Galicia, está a provocar **serias dificultades na xestión a profesionais de servizos sociais** en concellos e organizacións de acción social, e sobre todo un **sufrimento notable a moitas das persoas solidariantes** da mesma, en forma de retrasos na súa concesión, denegacións de máis do 50% de solicitudes, burocratización extrema, imposibilidade de afrontar procesos de inclusión activa, etcétera. ■

REFERENCIAS

- 1) http://www.foessa.es/publicaciones_Info.aspx?Id=379
- 2) http://www.eapn.es/ARCHIVO/documentos/recursos/1/1444833751_20151015_el_estado_de_la_pobreza_seguimiento_del_arope_2014_pdf.pdf
- 3) <http://eapn-galicia.com/informe-por-unha-risga-efectiva-dos-papeis-as-persoas/>
- 4) <http://serviciosweb.meh.es/apps/EntidadesLocales/>
- 5) http://eapn.es/noticias/545/Ley_Estatal_de_Rentas_Minimas
- 6) http://eapn.es/noticias/544/Encuentro_Europeo_de_Participacion_#2015PEP
- 7) <http://eapn-galicia.com/a-valedora-do-pobo-e-as-ong-galegas-unidas-contra-a-pobreza/>

Desafíos e respostas en materia de inclusión social en Galicia

Amparo González Méndez

A loita contra a pobreza e a exclusión social é, sen dúbida, un dos grandes retos actuais das administracións públicas e debe ser unha prioridade absoluta para as sociedades democráticas avanzadas. As estratexias de inclusión activa e de loita contra a pobreza -incluída a que afecta á infancia- desenvolvidas pola Xunta de Galicia integran e combinan un apoio adecuado ás rendas, medidas de activación nun mercado laboral inclusivo e o acceso a servizos asequibles e de calidade.

**Amparo González
Méndez**

Directora xeral de
Familia e Inclusión.
Consellería de
Política Social.

A loita contra a pobreza e a exclusión social é, sen dúbida, un dos grandes retos actuais das administracións públicas e debe ser unha prioridade absoluta para as sociedades democráticas avanzadas.

No contexto europeo, a inclusión social, a través da Estratexia Europa 2020 e o seu sistema de gobernanza, vén acadando progresivamente unha maior ponderación como ámbito crítico para o crecemento económico e a cohesión social. Precisamente os cinco obxectivos da Estratexia Europa 2020, orientados ás prioridades de crecemento sustentable, intelixente e inclusivo da Unión Europea, constitúen o marco de referencia das políticas de inclusión social desenvolvidas nos últimos anos pola Xunta de Galicia, quen está a promover estratexias de inclusión

activa e de loita contra a pobreza -incluída a que afecta á infancia-, que integran e combinan un apoio adecuado ás rendas, medidas de activación nun mercado laboral inclusivo e o acceso a servizos asequibles e de calidade.

Esta aposta pola inclusión activa cristalizou en primeiro lugar na publicación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, un instrumento normativo co que se aspira a equilibrar tres aspectos básicos: o acceso a ingresos mínimos en situacións de pobreza e exclusión; o dereito a un acompañamento e apoio profesional e financeiro para adquirir novas capacidades e cualificacións; e o dereito, unido á responsabilidade individual, de non permanecer nunha situación de dependencia crónica das prestacións públicas.



A estrutura da Estratexia de Inclusión Social e o seu contido responden a un esforzo de planificación participado por todos os axentes implicados no seu desenvolvemento.

A base desta lei é unha renda de inclusión social renovada, destinada a estimular e incentivar o tránsito cara a inclusión sociolaboral, sen deixar de recoñecer o dereito a uns ingresos mínimos para aquelas persoas para as que, por diversas razóns de carácter persoal, familiar ou social, non é razoable unha expectativa de activación e incorporación ao mercado de traballo a corto ou medio prazo.

A inclusión social activa é tamén o enfoque que adopta a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 (EIS), documento de planificación das políticas de inclusión social para este período aprobado polo goberno autonómico en decembro de 2014, que conta cun orzamento de máis de 521 millóns de euros para o seu desenvolvemento.

O goberno galego a través deste documento

cumpre coa necesidade de operativizar o establecido na Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, pero vai máis alá integrando novas medidas orientadas a responder de una forma efectiva e coordinada ás situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social e a procurar os apoios necesarios para que as persoas destinatarias consigan a súa inclusión social e laboral.

Tanto a estrutura da Estratexia de Inclusión Social -conformada por 16 prioridades transversais e sectoriais, 56 obxectivos e 317 medidas-, como o seu contido responden a un esforzo de planificación participado por todos os axentes implicados no seu desenvolvemento.

Son múltiples os aspectos da EIS nos que me podería deter, mais en primeiro lugar quero facer referencia á súa vocación de mellorar e consolidar as fórmulas de traballo que a experiencia demostrou eficaces, como o acompañamento social ás persoas inmersas en procesos de inclusión sociolaboral e o traballo coordinado, pois considero imprescindible o fortalecemento da rede galega de inclusión social, da que forman parte, xunto á administración autonómica, os concellos e as entidades de iniciativa social.

En segundo lugar, quero poñer o acento en que se presta atención a necesidades que non atoparon resposta en anteriores marcos de planificación e que agora se intensifican, como son, por exemplo, os problemas relacionados coa vivenda. Así, máis alá das medidas promovidas desde o Instituto Galego de Vivenda e Solo, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, está a dar resposta á problemática dos desafiuzamentos a través do Programa Reconduce, dirixido inicialmente ás persoas e familias que se atopan en risco de desafiuzamento por execución hipotecaria da súa vivenda habitual e ampliado recentemente a aquelas que se atopan en risco de desafiuzamento dunha vivenda na que residen en réxime de alugueiro.

Traballamos en ofrecer respostas integradas, orientadas todas elas a mellorar a calidade de vida e a lograr a plena participación social das persoas.

En terceiro lugar, coido de gran relevancia a consideración dos novos desafíos derivados do impacto do cambio demográfico como unha prioridade transversal. Efectivamente, a EIS recolle medidas para a abordaxe e redución das consecuencias da exclusión territorial, termo que fai referencia aos impactos negativos que os cambios das dinámicas demográficas provocan no equilibrio territorial e na calidade de vida das persoas, nomeadamente daquelas que residen en áreas rurais de interior, onde os compoñentes do cambio demográfico se manifestan de xeito máis acentuado.

Cómpre igualmente facer referencia a outra das súas prioridades transversais: a loita contra a pobreza infantil, que se desenvolve aplicando novos enfoques e metodoloxías co obxecto de protexer a infancia, promover o seu benestar e evitar a transmisión da pobreza entre xeracións. Neste sentido, o goberno galego, consciente de que existe en Galicia un colectivo de familias con menores de 16 anos a cargo especificamente vulnerable en termos de desigualdade, pobreza e exclusión, e da necesidade de actuar dun xeito preventivo e integral, promoveu a posta en marcha inmediata dentro do marco da EIS dun plan específico destinado a elas e deu luz verde en xuño de 2015 ao Plan Social contra a desigualdade económica, que ten como finalidade mellorar a situación dos e as menores en situación de pobreza e vulnerabilidade social e a das súas familias. Este plan recolle medidas no ámbito dos servizos sociais, da vivenda, da saúde, educativo e de acceso a subministracións básicas e supera en 2016 os 20 millóns de euros de orzamento.

Non quero tampouco deixar de mencionar que

a nosa aposta por poñer as persoas no centro de toda actuación levounos igualmente a impulsar un proceso de adaptación dos servizos e recursos e a definir, de xeito pioneiro en todo o Estado español, a Carteira de Servizos de Inclusión Social de Galicia. A carteira na que estamos a traballar asume un modelo que supera a visión centrada nos equipamentos e pon o foco nas persoas e na atención dos factores que provocan situacións de vulnerabilidade e determinan as dinámicas de exclusión. É froito dun proceso que contou coa participación, tanto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, como de todos os axentes sociais, entidades e profesionais que constitúen o Sistema de servizos sociais, o que permitiu o coñecemento e estudo en profundidade da actual oferta de servizos e a identificación de novas necesidades, constituíndo un novo progreso no que se refire ao proceso de mellora da calidade e de promoción da eficiencia e eficacia dos servizos e prestacións e o seu axuste ás necesidades cambiantes da poboación galega en materia de inclusión social.

Por último, quero sinalar que a innovación social no ámbito da loita contra a pobreza e exclusión social é tamén obxecto de interese para nós. Nesta liña, a Consellería de Política Social participou no Proxecto Inclúe, recentemente finalizado, no que se traballou na definición dun modelo de atención centrado na persoa e nas súas preferencias e na súa autonomía persoal, que potencie a súa capacidade de elección, a continuidade nos seus contornos habituais e a preservación da súa dignidade e intimidade. Xorden, agora, novos retos relacionados, como o de consensuar este modelo e avanzar no seu desenvolvemento.

Traballamos, en definitiva, en ofrecer respostas integradas, orientadas todas elas a mellorar a calidade de vida e a lograr a plena participación social das persoas, que son a razón de ser de toda a nosa actuación. ■

A EIS recolle medidas para a abordaxe e redución das consecuencias da exclusión territorial

A opinión dos axentes sociais

CC OO, CIG, UGT,
CEG e Consumidores

Representantes de Comisións Obreiras, a CIG, UGT-Galicia, a Conferación de Empresarios e as organizacións de consumidores amosan as opinións das súas organizacións sobre a loita contra a pobreza e a exclusión social. Recolle- mos senllos resumos das súas intervencións, como membros do CES, na xor- nada que sobre este asunto celebrou este organismo no verán de 2015.

Pobreza salarial

Adela Poisa Baños

SN CC OO de Galicia

A figura dos traballadores e traballadoras po- bres non é nova, sempre existiu. A novidade está na súa xeneralización a raíz da crise e das actuacións emprendidas polo Goberno para acabar con ela. Nesta época de crise, a maioría dos contratos son precarios e derivan na po- breza salarial.

Deteriorar o traballo e os contratos é un erro a curto prazo, porque crea traballadores e traba- lladoras pobres, sen poder adquisitivo e sen me- dios para subsistiren de xeito independente, e a medio prazo ,porque pon en risco o estado do benestar. Ingrésase menos, polo que se cotiza menos tanto por IRPF como por IVE, e tamén se

cotiza menos á seguridade social o que, entre outras cousas, fai perigar a Caixa Única da Se- guridade Social se non se toman medidas.

En Galicia, 177.000 persoas con traballo que non chegan a cobrar 2.000 euros anuais e 123.000 non alcanzan os 7.000. En total, hai 300.000 persoas que, dividindo o seu salario entre catorce pagas, cobran menos de 500 euros. Outras 131.000 perciben salarios de 800 euros mensuais. Podemos dicir que máis do 50% da poboación non chega a ser mileu- rista. En Galicia, coma no resto do Estado, moitas persoas con traballo precario dan sub- sistido grazas ás pensións dos pais e avós, o que tamén converte estas persoas en pensio- nistas pobres malia teren unha pensión ase- gurada.

O papel das empresas

Eugenio Geijo Carril

Confederación de Empresarios de Galicia

Resumo da intervención do representante da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), Eugenio Geijo Carril, na Xornada sobre pobreza e exclusión social do CES.

Por parte do relator se resalta que se trata dunha materia de plena actualidade e non allea en absoluto ás actuacións da organización empresarial que representa na Xornada, aludindo a que a inclusión social tivo unha importante acollida no eido dos diferentes acordos asinados pola CEG no marco do diálogo social galego.

Sinalou tamén as consecuencias negativas da

recente crise económica mundial, refiríndose á evolución da tasa AROPE (*At Risk of Poverty and/or Exclusion*) e indicando que se teñen producido tamén grandes cambios nos perfís tradicionais da pobreza e da exclusión.

Refiriuse ao “Plan Nacional de Acción para la Inclusión social del Reino de España (2013-2016)” e á “Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020”, estratexia que contou coa participación da Confederación de Empresarios de Galicia a través da presentación de propostas.

Asimesmo, na segunda parte da súa intervención centrouse en medidas e propostas, sinalando que debido a que un dos condicionantes da situación se encontra na propia conxuntura económica negativa que teñen sufrido as em-

Tamén é necesario recalcar que esta crise, amais de xerar máis pobreza, aumenta as desigualdades sociais. As persoas con salarios de menos de 351 euros mensuais sufriron una desvalorización salarial dun 20% entre 2007 e 2013, mentres que as persoas cunha media salarial de 4.460 euros mensuais rexistraron, nestes mesmos anos, a desvalorización dun 4 %.

O perfil das persoas en pobreza salarial pódese definir cos seguintes trazos: traballan a tempo parcial, son tres veces máis mulleres ca homes, os salarios baixos percíbeos fundamentalmente a mocidade pero afectan a todas as idades e o 62% dos salarios máis baixos corresponden ao emprego no fogar, hostalaría, comercio e servizos auxiliares nas empresas, sobre todo limpeza e vixilancia. ■



A pobreza, medidas para combatila

Manuel Facorro Casal

CIG

A pobreza existe porque un eterno conflito de intereses permite e fai que exista.

Definimos a pobreza como “imposibilidade de acceso ou carencia de recursos para satisfacer as necesidades físicas e psíquicas básicas, que inciden nun desgaste do nivel e calidade de vida, tales como alimentación, vivenda, educación e asistencia sanitaria”.

Nas sociedades menos avanzadas defínese a pobreza como “mínimo necesario para o mantemento da mera eficiencia física”.

As consecuencias da pobreza levan á degradación social, á perda de valores educativos e sanitarios, á delincuencia...

Eurostat calculaba que no ano 2007 existían en Europa 80.000.000 de cidadáns ou cidadás pobres.

Segundo os últimos datos, máis do 50% das rendas da nosa sociedade gástanse en alimentación e vivenda, reducíndose paulatinamente os gastos de educación, saúde e realización persoal.

O xeito de loitar contra da pobreza consiste en reequilibrar a distribución da riqueza e do ingreso. O reequilibrio ten que producirse por normativa lexislada.

A solidariedade palía a pobreza, non a elimina. A erradicación somentes é posible con leis de obrigado cumprimento e execución.

A nosa sociedade ten medios e recursos de produción suficientes como para poder eliminar a pobreza. ■

presas e que ten producido unha importante destrución do noso tecido produtivo e de emprego, unha parte das melloras virían dadas pola aplicación de medidas no ámbito económico. Asimesmo, se debe apostar pola mellora non só da empregabilidade das persoas en exclusión, senón tamén na mellora da intermediación adaptada ás persoas máis vulnerables, mediante acordos entre os servizos de emprego e/ou outros organismos públicos, as axencias de colocación e as empresas e as súas asociacións.

Tamén considerou importante o desenvolvemento de medidas para reducir as disparidades nos resul-



tados educativos e o abandono escolar e mellorar a entrada da xuventude ao mercado de traballo así como o reforzo das políticas de activación para reducir o alto desemprego, especialmente de longa duración. E, polo lado prestacional, refiriu a necesidade de garantir os servizos enfocados aos grupos máis desfavorecidos.

Asimesmo puxo en valor o ánimo de colaboración da CEG para promover entre as empresas a inclusión de todas aquelas persoas con maiores dificultades para acceder ao emprego, incluíndo tres finalidades expresas: Desenvolver accións de sensibilización no entorno empresa-

rial; contribuir á integración das persoas con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo para mellorar as súas condicións de vida; e fomentar accións de corresponsabilidade e cooperación que favorezan a inserción sociolaboral.

Remarcou que as empresas, independentemente do seu tamaño, aportan de maneira consciente ou inconsciente beneficios sociais ao entorno e grupos de interese cos que se relacionan, e de ahí tamén a oportunidade da xornada para reforzar o ánimo de colaboración que nesta materia preside as actuacións da CEG. ■

Estratexias globais de inclusión activa

José Carlos Rodríguez del Río
UGT-Galicia

Resumo da intervención do representante do sindicato UGT-Galicia, José Carlos Rodríguez del Río, na Xornada sobre pobreza e exclusión social do CES.

**Debemos
combater a
exclusión social
e a pobreza a
través de
políticas que
faciliten
a inclusión
activa**

A UGT ten analizado a situación actual sobre o título desta xornada que realizamos hoxe na sede do CES Galicia sobre “A pobreza e a exclusión social” e os factores que actúan e que poden derivar nun agravamento da exclusión social, chegando a conclusión de que a mellora da situación ten que vir dun incremento orzamentario dos recursos destinados a loita contra a pobreza e a exclusión social e da concienciación de todos os actores que podemos facer posible que se eliminen ou reduzan as causas da

mesma. Para elo debemos traballar de maneira conxunta tanto as administracións públicas como os interlocutores sociais, xa que dende o noso sindicato, tal e como declara a Confederación Europea de Sindicatos, consideramos que “a loita contra a pobreza non é so proporcionar solucións senón traballar paralelamente na consolidación e mellora dos sistemas de protección social, en primeiro lugar rehabilitando a protección social como axente económico. Non é unicamente unha fonte de gastos aínda que sexan gastos sociais, senón que é unha inversión produtiva”.

Dende a UGT consideramos que debemos combater a exclusión social e a pobreza a través de políticas que faciliten a inclusión activa, que aborden de forma global os ingresos, as relacións co mercado laboral e o acceso aos servizos de calidade, tal e como recomenda a

Comisión Europea. Estas directrices deben ir vinculadas á diminución e/ou erradicación das situacións que as producen, sendo necesario relacionar as actuacións coa inserción laboral e, nos casos da poboación activa, mediante un emprego de calidade ou o mantemento do mesmo, sen esquecer a protección aos xubilados, pensionistas e persoas perceptoras de axudas sociais para conquistar o incremento do seu poder adquisitivo.

Pero esta labor non debe de acabar aquí, senón que se debe complementar dunha maneira transversal con políticas tales como a consecución dunha vivenda digna, a atención sanitaria, educativa, etc. É dicir, débese garantir unha coordinación máis estreita entre políticas activas de emprego e políticas de integración social, centrándose nos grupos vulnerables, xa que a exclusión das persoas ten unha triple dirección ao estar estreitamente unida co nivel educativo, o acceso ao emprego e aos servizos sociais de calidade.

É necesario aplicar estratexias globais de inclusión activa que combinen medidas inclusivas, acceso a servizos de calidade e uns ingresos mínimos axeitados, sen esquecer a loita contra a pobreza e a exclusión social dos nenos que inclúan o acceso a servizos de escolas infantís de calidade a presos asequibles, e políticas orientadas a persoas sen fogar, persoas con discapacidade, inmigrantes, xóvenes, etc.

Cómpre tamén garantir a todos os cidadáns un nivel de cobertura social que lles permita obter

un nivel de renda digna para cubrir as súas necesidades, atendendo prioritariamente a aqueles casos en risco de estar por debaixo do umbral da pobreza, como poden ser tanto os excluídos do mercado de traballo como aqueles sen ingresos suficientes.

UGT e CCOO presentamos no Parlamento unha Iniciativa Lexislativa Popular para establecer unha prestación de ingresos mínimos no ámbito de protección da Seguridade Social.

Esta Iniciativa Lexislativa Popular ten como obxectivo principal o establecemento e regulación dunha prestación económica de dereito subxectivo do dereito da Seguridade Social dentro do nivel non contributivo como desenvolvemento do principio reitor consagrado no artigo 41 da Constitución, segundo o que os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestación sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en situacións de desemprego, e amparada no artigo 149.1.17 da CE, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación básica e réxime económico da seguridade social.

Polo tanto, a Prestación de Ingresos Mínimos configúrase como unha prestación da seguridade social na súa modalidade non contributiva destinada a garantir uns ingresos adecuados a persoas con dispoñibilidade para traballar que carecen de emprego e recursos económicos para si e, no seu caso, para os familiares a cargo. ■

Enfrontando a pobreza

Ana Olveira Blanco

Unión de Consumidores de Galicia

A comezos do verán de 2015 o Presidente do Consejo Económico y Social D. Marcos Pena expresaba na presentación dun informe que a situación da meirande parte das familias do Estado español era de supervivencia posto que a súa capacidade de consumo se vía limitada a alimentación e vivenda. Se esta é a situación da meirande parte das familias, as dificultades daquelas que están en risco de exclusión ou as que xa se atopan no círculo da pobreza son desesperadas.

Existen **catro liñas** importantes nas que traballar dende o eido do consumo:

- **Paliar a pobreza enerxética.**

Este concepto entendido dende unha perspectiva ampla incluído, ademais da enerxía eléctrica o gas, a auga e as telecomunicacións. Estas necesidades básicas para que calquera persoa poda desempeñar a súa vida.

As posibles solucións para paliar a pobreza enerxética poden vir da man de habilitar mecanismos para evitar os cortes por impago, cando menos naqueles usuarios de bono social eléctrico.

Tamén é necesario que se poñan en marcha medidas que diminúan o custe destes servizos para as persoas usuarias que máis o precisan e que se adecúen á realidade social as medidas xa existentes como o bono social eléctrico que deixa fóra, por exemplo, a aquelas persoas que aínda cobrando unha pensión mínima teñen menos de 60 anos.

Débese replantexar a xestión pública para evitar

os cortes de subministración por impago involuntario tamén como ferramenta para evitar a corrupción.

- **Frear os desafiuzamentos e garantir alternativas habitacionais.**

Precisamos unha lexislación que camiñe cara a dación en pago e que cumpra as reiteradas sentenzas da Unión Europea. Deste xeito evitárase a cronificación da pobreza e que familias que sufriron a crueldade dun desafiuzamento se atopen sen casa e con unha débeda impagable coa entidade financeira.

En todo caso deberanse garantir alternativas habitacionais para todas as persoas antes de proceder ao desafiuzamento da vivenda habitual, ben sexa en propiedade ou alugueiro.

- **Sanidade.**

A sanidade é un dereito básico e como tal debe estenderse a toda a sociedade en toda a súa amplitude. A implementación de repagos, a non introdución de vacinas no calendario ou os copagos en servizos sociais deixan fóra a parte da sociedade ampliando así a fenda social.

Débese traballar eliminando estas diferenzas e garantir un acceso á sanidade e aos servizos sociais igualitario para toda a cidadanía.

- **Frear o desperdicio de alimentos.**

Todos os anos xéranse 89 millóns de toneladas de residuos alimentarios dentro das fronteiras da Unión Europea. Débese establecer una normativa, ao igual que os países da nosa contorna, que prohiba tirar alimentos.

Estas son accións que poden paliar a lacra da pobreza e que sen lugar a dúbidas farían unha Galicia con máis igualdade e xustiza social. ■

• c • a • d • e • r • n • o • s •



C|E|S
GALICIA
Consello Económico e Social de Galicia

www.ces-galicia.org